



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 31 de xaneiro de 2025



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 31 DE XANEIRO DE 2025.

Información e actas

1. Aprobación das actas das sesión anteriores, número 15/2024 do 20 de decembro e número 16/2024 do 27 de decembro.
2. Dación conta das Resolucións da Presidencia desde o 14 de decembro de 2024 ata o 24 de xaneiro de 2025.

Comisión de Deporte

3. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas para cofinanciar a organización da proba de Karate 1 Youth League na cidade da Coruña.
4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa co Hockey Club Liceo de La Coruña para cofinanciar a actividade competitiva do primeiro equipo do Deportivo Liceo

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO para financiar a Reforma para a accesibilidade integral da comunidade terapéutica "O Confurco" e o correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

6. Dación de conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto de Rehabilitación do Pavillón polideportivo municipal relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fisterra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as actuacións de rehabilitación do pavillón polideportivo municipal.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

7. Aprobación da resolución das alegacións presentadas ás Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" e aprobación definitiva das Bases

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

8. Aprobación da formalización dun convenio de colaboración coa Fundación CEDE_Confederación Española de Directivos e Executivos para cofinanciar o proxecto "Encontro de Mozos e Mozas_Talento en Crecemento" na Coruña 2024.

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

9. Aprobación do proxecto da obra DP-6202 de Outes á AC-400 por Valadares. Mellora da capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente punto quilométrico 0+358 ao 4+498



(OUTES) incluída no Plan de Vías Provinciais 2025.

10. Aprobación da modificación do Acordo Plenario número 50 adoptado en sesión plenaria do 29 de novembro de 2024 de aprobación do proxecto DP 3204 Reforzo do firme Punto Quilométrico 1+070 ao 1+700 e na DP 3202 (Curtis e Vilasantar)

11. Aprobación da modificación do Acordo Plenario número 49 adoptado en sesión plenaria do 29 de novembro de 2024 de aprobación do proxecto DP 1601 Ponte do Porto a Camelle Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente punto quilométrico 0+805 ao 4+165 (Camariñas).

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Popular Provincial da Deputación de A Coruña, sobre o superavit presupostario do ano 2024

2.Moción do Grupo Popular sobre a colaboración entre a Deputación e o Concello de Arteixo en estradas e sendas provinciais

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 31 de xaneiro de 2025.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 31 de xaneiro de 2025, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial.

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de la Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:08 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bos días. Comezamos esta sesión ordinaria do Pleno co primeiro punto da orde do día.



1.- Aprobación das actas das sesión anteriores, número 15/2024 do 20 de decembro e número 16/2024 do 27 de decembro.

Sra. Secretaria

Aprobación das actas das sesión anteriores, número 15/2024 do 20 de decembro e número 16/2024 do 27 de decembro. Esta última no borrador leva unha reordenación da numeración da ordenanza que se aprobou, que tiña un erro de numeración correlativa.

VOTACION

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Absteñéense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbanse por unanimidade as actas das sesión anteriores, número 15/2024 do 20 de decembro e número 16/2024 do 27 de decembro.

(A Sra. Veira González entra no Salón de Plenos).

2.- Dación conta das Resolucións da Presidencia desde o 14 de decembro de 2024 ata o 24 de xaneiro de 2025.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 14 de decembro de 2024 ata o 24 de xaneiro de 2025.

3.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas para cofinanciar a organización da proba de Karate 1 Youth League na cidade da Coruña.

VOTACION

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Absteñéense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o convenio coa Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas, correspondente á subvención nominativa, por importe de 24.500,00 €, concedida para cofinanciar a organización da proba de Karate 1 Youth League na cidade da Coruña, cun orzamento subvencionado de 76.072,82€, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia



de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de xaneiro de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a organización da proba de Karate 1 Youth League na cidade da Coruña.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación da **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas.**

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promociónen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte.

Que a **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** é unha entidade adicada ao **fomento e o impulso da práctica continuada da actividade física e deportiva, así como a participación en actividades e competicións deportivas.**

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** co NIF G36640019, fixando as condicións que se impoñen por



esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar a **organización da proba de Karate 1 Youth League na cidade da Coruña**.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas**.

A **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Transporte materiais de competición	6.000,00 €
Arrendamento de vehículo para o traslado de material de competición	400,00 €
Branding (producción pavilón-lonas-podio-póster oficial- banderolas- roll up...)	17.000,00 €
Medallas/trofeos	912,82 €
Gastos de desprazamento e manutención (ceas) do persoal de organización	2.400,00 €
Gastos de manutención/avituallamento no pavillón para o persoal de organización e arbitraje	6.000,00 €
Persoal de organización, servizos médicos (ambulancias, técnicos e médicos), Seguridade (vixianza)	43.360,00 €
Total	76.072,82 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega por importe máximo de **24.500,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **32,20598 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificadado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **32,20598%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificadado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificadado, minorarase a aportación provincial



no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.



* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas**.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá



quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e



demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da **Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas**, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita



xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento”.

4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa co Hockey Club Liceo de La Coruña para cofinanciar a actividade competitiva do primeiro equipo do Deportivo Liceo

VOTACION

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Absteñéense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o convenio co Hockey Club Liceo da Coruña correspondente á subvención nominativa, por importe de 15.000 €, concedida para cofinanciar a a actividade competitiva do primeiro equipo do Deportivo Liceo, cun orzamento subvencionado de 631.331,00€, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de xaneiro de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hockey Club Liceo da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a actividade competitiva do primeiro equipo do Deportivo Liceo.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación do **Hockey Club Liceo da Coruña**

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.



MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte feminino.

Que o **Hockey Club Liceo da Coruña** é unha entidade adicada ao **fomento e o impulso da práctica continuada da actividade física e deportiva, así como a participación en actividades e competicións deportivas.**

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Hockey Club Liceo da Coruña** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Hockey Club Liceo da Coruña** co NIF G15075278, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar **actividade competitiva do primeiro equipo do Deportivo Liceo.**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Hockey Club Liceo da Coruña

O **Hockey Club Liceo da Coruña** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Dereitos arbitraje e cronometraje	10.760,00 €
Arrendamentos e canons (aluguer instalacións, material, etc	1.000,00 €
Servizos de fisioterapia, atencións médicas e outros servizos independentes	5.610,00 €
Transportes desprazamentos do equipo Ok liga	82.226,00 €
Seguros accidentes e responsabilidade civil	900,00 €
Salarios xogadores, adestradores, xestores e técnicos	339.655,56 €
Seguridade Social	118.879,44 €
Comunicacións: correo, teléfono, internet, aloxamento web	2.000,00 €
Manutención, viaxes e aloxamento do equipo Ok en partidos	45.500,00 €
Licenzas deportivas plantilla Ok	12.000,00 €
Inscripcións equipo Ok Liga	12.800,00 €
Total	631.331,00 €



III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega por importe máximo de **70.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 11,08769 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 11,08769 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Hockey Club Liceo da Coruña**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao **Hockey Club Liceo da Coruña**, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, o **Hockey Club Liceo da Coruña** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas, por medios



escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Hockey Club Liceo da Coruña**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Hockey Club Liceo da Coruña** unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do **Hockey Club Liceo da Coruña**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o **Hockey Club Liceo da Coruña** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións



(Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao **Hockey Club Liceo da Coruña** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Hockey Club Liceo da Coruña** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Hockey Club Liceo da Coruña**

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Hockey Club Liceo da Coruña** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao **Hockey Club Liceo da Coruña** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Hockey Club Liceo da Coruña** queda sometido aos procedementos de



fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Hockey Club Liceo da Coruña** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Hockey Club Liceo da Coruña** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.



Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do **Hockey Club Liceo da Coruña**, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento”.

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO para financiar a Reforma para a accesibilidade integral da comunidade terapéutica "O Confurco" e o correspondente convenio de colaboración.

VOTACION

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Absteñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **298.476,71 €**, á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO para financiar a *Reforma para a accesibilidade integral da comunidade terapéutica "O Confurco"*, cun orzamento



subvencionado de 373.095,89 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidencia da Comisión de Política Social, Educación e Xuventude, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 16 de xaneiro de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025 e 2026, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento da Reforma para a accesibilidade integral da comunidade terapéutica "O Confurco"

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, NIF G15072010, para o financiamento da Reforma para a accesibilidade integral da comunidade terapéutica "O Confurco".

A Reforma para a accesibilidade integral da comunidade terapéutica "O Confurco" realízase para a redistribución do edificio, mellorar a súa accesibilidade, habitabilidade e incrementar as prazas ata un total de 25 e aparece definida no proxecto realizado polo arquitecto José Antonio Alonso Rodríguez.



II.- Orzamento de execución das obras

O orzamento previsto acada a cifra de 373.095,90 € co seguinte desagregado:

IMPORTE DE EXECUCIÓN MATERIAL	259.112,37
13 % Gastos xerais	33.684,60
6 % Beneficio industrial	15.546,74
IMPORTE DE EXECUCIÓN	308.343,71
21% I.V.E.	64.752,18
TOTAL ORZAMENTO	373.095,89

Elimínase do orzamento a unidade de obra denominada 11.Control de calidade por importe de 1.277,87 € por non ser subvencionable e que na **Certificación** de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista deberá constar como realizada.

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **298.476,71 €** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80 %**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- Contratación e execución.

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.- Con carácter previo á contratación, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

- * **Certificación** de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista
- * **Factura** expedida polo contratista.
- * **Certificación** de aprobación da mesma polo órgano competente.
- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.
- * **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

2.- Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de VINTE E CINCO anos.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula



DÉCIMOTERCEIRA.

2.- Unha vez rematadas as obras, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO na documentación achegada.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.



X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.



3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención aa Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de xullo de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Dación de conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto de Rehabilitación do Pavillón polideportivo municipal relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fisterra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as actuacións de rehabilitación do pavillón polideportivo municipal.



Dar conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto Rehabilitación do Pavillón polideportivo municipal relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fisterra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as actuacións de rehabilitación do pavillón polideportivo municipal, asinado polo arquitecto Alfonso Botana Castelo, colexiado número 2.405, de decembro de 2023, cun orzamento de contrata de 408.198,62 €.

Segundo o convenio asinado 9/2023, a achega máxima provincial será de 272.132,73 euros, que se corresponderá agora cunha porcentaxe de financiamento do 66.66674%

7.- Aprobación da resolución das alegacións presentadas ás Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" e aprobación definitiva das Bases

VOTACION

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Absteñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"Vistas as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025", aprobadas polo pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, que se elaboraron partindo do previsto na Ordenanza reguladora dos Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal da Deputación Provincial da Coruña, aprobada polo pleno desta deputación na sesión realizada o 24 de novembro de 2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincial (BOP) número 227 do 28 de novembro de 2023, en relación co BOP número 53 do 14 de marzo de 2024; e no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) número 80, do 3 de abril, tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE número 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE número 96 do 22 de abril), onde se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia

Tendo en conta que o dito acordo de aprobación das Bases do POS+ 2025 foi enviado a informe da Subdelegación do Goberno en A Coruña, da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local sen que no prazo de dez días presentasen ningunha resposta

Visto que as Bases reguladoras do POS+ 2025 foron sometidas a exposición pública mediante a publicación do seu texto íntegro no BOP número 233 do 3 de decembro de 2024 para que durante un prazo de dez días, que se contarán dende o día seguinte á súa publicación no BOP, puidesen presentarse as reclamacións ou alegacións que se consideren oportunas, e que con data do 16 de decembro de 2024, dentro do dito prazo



de dez días de exposición pública, tivo entrada no Rexistro Xeral desta Deputación un escrito asinado polo Decano da Demarcación de Galicia do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos no que, a vista das Bases do POS+ 2025 publicadas, solicita a modificación da base 5.B.2.1 na que se regula o contido e estrutura dos proxectos ou pregos de prescricións técnicas dos investimentos que os concellos soliciten no dito Plan

Visto o informe emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no que se analiza o contido das alegacións presentadas e no que conclúe que *cómpre desestimar as alegacións ás bases do POS+ 2025 presentadas pola Demarcación de Galicia do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, xa que a estrutura documental establecida como obrigatoria nas referidas bases cumpre as determinacións da LCSP, presenta a suficiente flexibilidade como para poder adaptarse a todo tipo de proxectos e contribúe á eficacia e eficiencia do funcionamento dos servizos desta Deputación implicados na tramitación deste Plan*

1º) Desestimar as alegacións presentadas polo Decano da Demarcación de Galicia do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, ás Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025", aprobadas polo pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024 e expostas durante dez días ao público mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, nas que se solicita que se modifique a base 5.B.2.1 pola que se regula o contido dos proxectos, toda vez que o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación emitiu un informe no que se indica que a estrutura documental establecida como obrigatoria nas referidas bases cumpre as determinacións da LCSP (Lei de contratos do sector público), presenta a suficiente flexibilidade como para poder adaptarse a todo tipo de proxectos e contribúe á eficacia e eficiencia do funcionamento dos servizos desta Deputación implicados na tramitación deste Plan.

2º) Considerar definitivamente aprobadas as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025", aprobadas polo pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024 segundo o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024."

8.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración coa Fundación CEDE_Confederación Española de Directivos e Executivos para cofinanciar o proxecto "Encontro de Mozos e Mozas_Talento en Crecemento" na Coruña 2024.

VOTACION

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstencións: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Fundación CEDE_Confederación Española de Directivos y Ejecutivos para cofinanciar o proxecto de "Encontro de Mozos e Mozas_Talento en Crecemento" na Coruña 2024.



Visto tamén, que a natureza do asunto que se propón se axusta ás materias correspondentes á área de competencia desa “Comisión Informativa de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente”, dado o seu carácter residual,

Proponse a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Fundación CEDE_Confederación Española de Directivos y Ejecutivos, para regular a achega de 13.953,16 € para cofinanciar o proxecto “Encontro de Mozos e Mozas_Talento en Crecemento” na Coruña 2024, cun orzamento subvencionado de 73.853,17 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 18,89311%, extendendo a súa vixencia ata o 30 de setembro de 2025 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abrangerán as datas entre o 1 de xaneiro do 2024 e o 31 de decembro de 2024.
3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220250000124, da aplicación orzamentaria 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.
4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2025

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN CEDE_CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS PARA COFINANCIAR O PROXECTO”ENCUNTRO DE MOZOS E MOZAS_TALENTO EN CRECEMENTO NA CORUÑA 2024.”

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Fundación CEDE_Confederación Española de Directivos y Ejecutivos

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.



MANIFESTAN

Que o Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación da Coruña, deu un paso adiante no fomento do emprego a nivel provincial aglutinando diferentes estratexias dirixidas a favorecer o desenvolvemento económico, entre os cales se contemplan proxectos, en especial, aqueles que resulten de interés para a xeración de emprego e o crecemento sostible a través da execución de accións de inserción laboral para a poboación da provincia.

Que a Fundación CEDE–Confederación Española de Directivos y Ejecutivos (en adiante, Fundación CEDE) ten como misión agrupar a distintas asociacións de directivos e dotalas dunha representación en consonancia coa relevante función que desempeñan no ámbito socioeconómico, así como estimular as súas actividades e coordinar accións en beneficio das entidades confederadas e de todos os seus socios individuais. Todo elo co fin de contribuír á proxección da imaxe social dos directivos e executivos españois, á promoción da actuación ética profesional e á formación permanente dos directivos.

Que entre as principais actividades da Fundación CEDE destaca a organización do seu Congreso de Directivos, na que se inclúe o evento “Encontro de Mozos e Mozas_Talento en Crecemento”, e que participan como ponentes destacados líderes nacionais e intenacionais, e que se celebra anualmente nunha das principais cidades españolas. Nos últimos anos tivo un gran éxito de asistencia, cunha media de 1.500 directivos en cada xornada. Ademais a celebración do Congreso supuxo un gran impacto para a cidade de acollida, e en concreto para as institucións e as empresas nacionais e locais que se uniron ao evento.

Que a Fundación CEDE celebra en A Coruña unha edición do “Encontro de Mozos e Mozas ”Talento en Crecemento” en paralelo ao XXIII Congreso de Directivos CEDE. Este evento, que se realiza dende o ano 2000, convertiuse nun dos pilares da entidade. Ao longo dos anos posicionouse como unha cita ineludible para directivos e empresarios, convertíndose no Congreso de referencia para a cúpula empresarial do país.

Que a edición deste Encontro contará coa participación de expertos, altos directivos e emprendedores, co obxectivo de axudar aos mozos e mozas a potenciar as súas competencias e aptitudes para afrontar con éxito as súas primeiras experiencias laborais y orientar o seu futuro.

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Fundación CEDE consideran de gran interese para a provincia fomentar a empregabilidade dos mozos e mozas ofrecéndolles o contacto con directivos/as, emprendedores/as e profesionais do coaching e recursos humanos que lles aporten consellos e experiencias directivas de éxito e que poidan axudarlles na súa incorporación ao mercado laboral e a construír unha traxectoria profesional sólida, na que poidan realizarse profesional e personalmente.

Que a Deputación da Coruña, a través do PEL, amosa o seu apoio a aquelas accións encamiñadas ao fomento do emprego e, en particular, as dirixidas a lograr a inserción profesional de colectivos prioritarios, especialmente relevante nun contexto onde o desemprego xuvenil é unha preocupación significativa.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto “Encontro de Mozos e Mozas_Talento en Crecemento en A Coruña 2024” permite contribuír a potenciar a inserción profesional xuvenil e promover unha capacitación profesional e coñecementos necesarios aos mozos e mozas para o mercado laboral actual, favorecendo directamente á redución do desemprego e ao desenvolvemento económico, polo que, en virtude das consideracións



anteriores, a Deputación da Coruña e a Fundación CEDE acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación CEDE (NIF: G65320863) para financiar o proxecto “Encontro de Mozos e Mozas_Talento en Crecemento en A Coruña 2024 ” no que se ofrecen talleres e charlas que axudan aos mozos e mozas a desenvolver habilidades esenciais para o seu desenvolvemento tanto profesional como persoal e a súa contribución á sociedade.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Fundación CEDE desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
SERVIZO DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES / CONTRATACIÓNS EXTERNAS	50.425,34 €
Sede	5.810,00 €
Comunicación	2.912,00 €
Deseño, produción e realización de espazos e sinalética	17.267,32 €
Medios audiovisuais	13.391,76 €
Honorarios profesionais	11.044,26 €
MATERIAIS	11.483,40 €
Inscricións, acreditacións e chapas	10.286,40 €
Transporte e mensaxería	357,00 €
Obsequios poñentes	840,00 €
PUBLICIDADE E PROPAGANDA	2.311,40 €
Actualización Web Talento en Crecemento	911,40 €
Libro do Congreso	1.400,00 €
GASTOS XERAIS (MÁX. 15 %) *	9.633,03 €
TOTAL PROXECTO	73.853,17 €

*Gastos de carácter xeral da entidade que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **13.953,16 €**, o que representa unha porcentaxe do **18,89311%**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 18,89311% da cantidade



efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que Fundación CEDE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o periodo subvencionable.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación CEDE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación CEDE para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da



subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación CEDE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por Fundación CEDE na documentación presentada.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Fundación CEDE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Fundación CEDE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación CEDE deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación CEDE poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas



de Galicia, a Fundación CEDE queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos de persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de setembro de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de xaneiro de 2024.

2. Para o caso de que a Fundación CEDE non poda presentar a xustificación antes do 30 de setembro de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de



xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2025. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Pola Fundación CEDE

Asdo:

Asdo:

A Secretaria Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo."

9.- Aprobación do proxecto da obra DP-6202 de Outes á AC-400 por Valadares. Mellora da capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente punto quilométrico 0+358 ao 4+498 (OUTES) incluída no Plan de Vías Provinciais 2025.

VOTACION

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de



Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Absteñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- APROBAR o proxecto DP-6202 de Outes á AC-400 por Valadares. Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente. Punto Quilométrico 0+358 ao 4+498 (OUTES) Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2025 que se integra no Plan de Investimentos en Vías provinciais 2025, cun orzamento total de 529.430,76 € con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2025.1110.0001.0	DP-6202 de Outes á AC-400 por Valadares. Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente. Punto Quilométrico 0+358 ao 4+498 (OUTES) Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2025	OUTES	529.430,76 €	4 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

10.- Aprobación da modificación do Acordo Plenario número 50 adoptado en sesión plenaria do 29 de novembro de 2024 de aprobación do proxecto DP 3204 Reforzo do firme Punto Quilométrico 1+070 ao 1+700 e na DP 3202 (Curtis e Vilasantar)

VOTACION

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Absteñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Modificar o Acordo Plenario número 50 adoptado en sesión plenaria do 29 de novembro de 2024 de aprobación do proxecto DP 3204 Reforzo do firme Punto Quilométrico 1+070 ao 1+700 e na DP 3202 (Curtis e Vilasantar) ao detectarse os seguintes erros:

ONDE DICE

1.- APROBAR o proxecto DP 3204 reforzo do firme punto quilométrico 1+070 ao



1+700 e na DP 3202 (Curtis e Vilasantar) que se integra no plan de conservación en vías provinciais 2024 , cun orzamento total de **342.447,50 €** con cargo á aplicación 0410/4531/6900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1100.0041.0	DP 3204 REFORZO DO FIRME PUNTO QUILOMÉTRICO 1+070 AO 1+700 E NA DP3202.	CURTIS E VILASANTAR	342.447,50 €	3 meses

DEBE DICIR

1.- APROBAR o proxecto DP 3204 reforzo do firme punto quilométrico 1+070 ao 1+700 e na DP 3202 (Curtis e Vilasantar) que se integra no plan de conservación en vías provinciais 2024 , cun orzamento total de **169.346,53 €** con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1100.0041.0	DP 3204 REFORZO DO FIRME PUNTO QUILOMÉTRICO 1+070 AO 1+700 E NA DP3202.	CURTIS E VILASANTAR	169.346,53 €	3 meses

Polo que o acordo quedaría redactado do seguinte modo:

1.- APROBAR o proxecto DP 3204 reforzo do firme punto quilométrico 1+070 ao 1+700 e na DP 3202 (Curtis e Vilasantar) que se integra no plan de conservación en vías provinciais 2024 , cun orzamento total de 169.346,53 € con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1100.0041.0	DP 3204 REFORZO DO FIRME PUNTO QUILOMÉTRICO 1+070 AO 1+700 E NA DP3202.	CURTIS E VILASANTAR	169.346,53 €	3 meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

11.- Aprobación da modificación do Acordo Plenario número 49 adoptado en sesión plenaria do 29 de novembro de 2024 de aprobación do proxecto DP 1601 Ponte do Porto a Camelle Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente punto quilométrico 0+805 ao 4+165 (Camariñas).



VOTACION

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Absteñéense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Modificar o Acordo Plenario número 49 adoptado en sesión plenaria do 29 de novembro de 2024 de aprobación do proxecto DP 1601 Ponte do Porto a Camelle Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente punto quilométrico 0+805 ao 4+165 (Camariñas).

Primeiro.- En sesión Plenaria celebrada o 29 de novembro de 2024 aprobuse o proxecto DP-1601 mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente. A Ponte do Porto a Camelle. Punto quilométrico 0+805 ao 4+165 (Camariñas)

Segundo .- O 16 de decembro de 2024 publicouse o acordo de aprobación no BOP número 241

Terceiro.- Posteriormente observase que houbo un erro de transcripción da aplicación orzamentaria:

ONDE DI

0410/4531/6900

DEBE DICIR

0410/4531/61900

Polo que o acordo quedaría redactado do seguinte modo:

1.- APROBAR o proxecto DP-1601 mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente. A Ponte do Porto a Camelle. Punto quilométrico 0+805 ao 4+165 (Camariñas) que se integra no plan de conservación en vías provinciais 2024 , cun orzamento total de 342.447,50 € con cargo á aplicación **0410/4531/61900** que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1100.0042.0	DP-1601 A PONTE DO PORTO A CAMELLE MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE PUNTO QUILOMÉTRICO 0+805 AO 4+165	CAMARIÑAS	342.447,50 €	4 meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da



Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control, mocións. Hai dúas do Grupo Provincial Popular. A primeira, sobre o superávit presupostario do ano 2024.

1.Moción do Grupo Popular Provincial da Deputación de A Coruña, sobre o superavit presupostario do ano 2024

Actualmente encontrámonos en situación de prórroga dos Presupostos Xerais do Estado do ano 2023, debido a que non se aprobou unha nova Lei de Presupostos Xerais para o ano 2025, nin se definiron os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira para este ano.

Neste contexto, as entidades locais, descoñecen a situación na que quedan as Regras Fiscais para o ano 2025 e por tanto descoñecen como se aplicará o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira en relación co destino do superávit orzamentario, así como a posibilidade de destinar o superávit do ano 2024, ao establecido na Disposición Adicional Sexta da mencionada Lei Orgánica.

Dada a actual situación financeira dos concellos e o retraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiación autonómica para que unha vez establecido este, pactar o novo sistema de financiación local que permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes así como do capítulo de persoal e prestación de servizos aos cidadáns, é imprescindible determinar canto antes "os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para el ano 2025". Neste contexto, é necesario que os concellos poidan destinar o superávit do ano 2024 nas mesmas condicións que o ano anterior, nos termos que establece a disposición adicional sexta, que regula una serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou á amortización de débeda.

Polo exposto, solicitamos:

Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que regula una serie de regras especiais para o destino do superávit presupostario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a amortización de débeda.



Sra. Sanjurjo Fraga

Pois moitas grazas, señor presidente. Bos días a todas e a todos neste primeiro Pleno do ano 2025.

Actualmente encontrámonos en situación de prórroga dos presupostos xerais do Estado do ano 2023, debido a que: un, non se aprobou unha nova Lei de presupostos xerais para o ano 25, e non se definiron os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira para este ano.

Neste contexto, as entidades locais descoñecen a situación na que quedan as regras fiscais para o ano 2025 e, polo tanto, descoñecen como se aplicará o artigo 32 da Lei orgánica 2/12 de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira en relación co destino do superávit orzamentario, así como a posibilidade de destinar o superávit do ano 2024, dada a situación actual financeira dos concellos e ao atraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiamento autonómico para poder pactar o novo sistema de financiamento local que lles permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes, así como o capítulo de persoal e a prestación de servizos aos cidadáns.

É imprescindible, polo tanto, determinar canto antes os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para este ano 25.

Estando así as cousas no Goberno de España, é necesario que os concellos poidan destinar o superávit do 24 nas mesmas condicións que o ano anterior, nos termos, por suposto, que establece a Disposición adicional 6.^a, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van dende a realización de investimentos ao pago de provedores ou a amortización de débeda.

Actualmente, as entidades locais atópanse nunha situación de completa incerteza, e é fundamental e urxente que, por parte do Goberno de España, se definan e esclarezan estas incógnitas. De non aprobarse, as Corporacións locais quedarían obrigadas, en aplicación do artigo 32, a destinar os aforros exclusivamente á redución do endebedamento.

Por todo o exposto, este Grupo presentamos a seguinte moción para instar o Goberno de España a aprobar un Real decreto lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 24 para as entidades locais no ano 25, nos termos que establece a Disposición adicional 6.^a, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit presupostario, como dixen antes, que van dende a realización de investimentos ao pago de facturas a provedores ou a amortización de débeda.

Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Estou de acordo no que se expresa nesa moción, pero hai uns responsables a nivel nacional, que non é o Goberno da nación. Hai uns responsables, que son os partidos políticos que compoñen o Parlamento da nación, partidos políticos que teñen unha maioría suficiente como para que os orzamentos do Estado se aproben sen ningún problema, que é o Partido Popular.

Por tanto, se o Partido Popular vota os orzamentos da nación, todas estas cousas



desaparecen. Veñen os cartos para as comunidades autónomas, veñen os cartos para os concellos, veñen os cartos para os investimentos públicos, non?, que están sen facerse. Levamos dous anos e imos cara a un terceiro ano sen orzamentos e iso é moi grave. Por tanto, aplíquense el cuento. De todos os modos, eu vou votar que si a iso. Aplíquense el cuento.

Sra. Veira González

Ben, pois dos autores intelectuais, dos ideólogos das regras fiscais, os de “primeiro os bancos e despois as persoas”, todo para a débeda por riba dos intereses e necesidades dos cidadáns, da man dos que lle negan un día si e outro tamén aos concellos desde a Xunta de Galiza un financiamento digno e igual, dos que cando gobernan os seus na Moncloa sofren amnesia e non lembran nin unha soa vez reclamar un novo sistema de financiamento autonómico ou local, porque cando o PP goberna en Madrid e o BNG reclama un novo financiamento para Galiza, o PP galego di: “si te he visto, no me acuerdo” ou “donde dije digo, digo Diego”.

Chega hoxe esta moción que lle reclama ao Estado que lles permite aos concellos destinar o superávit de 2024 nas mesmas condicións que o ano anterior. Permítanme que, en primeiro lugar, lles apunte unha cuestión sobre a redacción desta moción, que creo que non é moi ben intencionada. Unha cuestión que non é verdade e que destapa a hipocrísia do Partido Popular con esta moción, e que vostedes o que din é que desde o Goberno do Estado non se definiron os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira para o 2025, e isto é mentira e sábeno. Si que se definiron, levouse ao Congreso das Deputadas e dos Deputados, pero o Partido Popular votou en contra. De feito, os obxectivos de déficit para 2025 retomaban os que inicialmente decidira o Goberno do Estado, e que foran rexeitados pola maioría do PP no Senado e despois de novo no Congreso, cousa que vostedes ocultan nesta moción, e non me estraña. Pretendían ofrecer unha maior flexibilidade ou marxe fiscal ás comunidades autónomas e aos concellos. No caso das entidades locais, mellorábase o condicionamento do déficit, desde a existencia dun superávit do 0,2%, un déficit do 0%, condicións que se prevían para todo o período 2025-2027. Por isto, o déficit previsto para as comunidades e entes locais supuña unha leve mellora para os próximos tres anos, e vostedes podían ter permitido que isto saíse a favor, sen esquecer, iso si, os problemas de financiamento de servizos básicos que a Xunta de Galiza e os concellos sofren como consecuencia do atraso na reforma e adecuación do sistema de financiamento autonómico local para as administracións galegas, que nesta altura é unha responsabilidade do Goberno do Estado. E sen esquecer tampouco o feito de que a Administración central segue a reservar para si propia a maior capacidade de incorrer en déficit, malia que sexan as comunidades autónomas as que deben soportar o alto custo dos servizos públicos fundamentais, véxase sanidade, educación ou servizos sociais. E exercer, claro, desde a Xunta de Galiza, vostedes non saben moito de exercer estas competencias en sanidade, educación e servizos sociais, porque ter, teñen competencias, iso é certo, pero despois de executalas xa se lles dá un pouco peor. Por certo, que lles quedaron máis de mil millóns de euros sen gastar do orzamento da Xunta de Galiza en 2023, así que se podían aplicar un pouco o conto, pero ben...

Esta é unha demanda, a da moción, que se podería considerar razoábel, no sentido de reclamar que, conforme a normativa e os condicionamentos que contén, se poida utilizar o superávit orzamentario e os remanentes de tesourería xerados para obrigas de pagamento a provedores, amortización de débeda ou investimentos sustentábeis, sen que estes gastos –engadiriamos nós desde o BNG– non sexan computábeis a efecto da aplicación da regra de gasto, como indica o apartado 4 da Disposición adicional 6.^a da citada lei. Pero, claro, isto está moi ben como moción tipo do



Partido Popular a presentar en todas partes, pero aquí estamos na Deputación da Coruña, estamos en Galiza e eu creo que tamén deberíamos deternos, de paso que traen vostedes esta moción, en como están os concellos galegos, porque, se vostedes traen esta moción, é porque detectan, efectivamente, que os concellos galegos están afogados, pero por que están afogados os concellos galegos? A estas alturas supoño que non lle sorprende a ninguén dicir que os concellos galegos teñen problemas de financiamento, de infrafinanciamento que se veñen poñendo de manifesto desde hai moitos anos e que se foron plasmando en múltiples iniciativas e incluso en resolucións aprobadas pola propia Fegamp, e incluso o propio Consello de Contas de Galiza, despois de analizar as contas xerais dos concellos, puxo de manifesto que hoxe hai 16 concellos que están nunha situación límite de sustentabilidade económica e financeira, porque teñen nas súas liquidacións orzamentarias un aforro neto negativo e un remanente de tesourería tamén negativo. E hai outros 60 concellos, 62 concellos, que teñen algún destes dous problemas, o que pon en xaque as súas economías. E todo isto de onde vén? Pois derívase da continua asunción polos concellos de competencias impropias, ofrecendo servizos e realizando actuacións que non lles corresponderían e que, en moitos casos, a Administración delegante non acompaña o suficiente financiamento, tendo que asumir estas custos nas propias entidades locais, e podemos poñer como exemplo o Servizo de Axuda no Fogar.

(O Sr. Lage Tuñas e o Sr. Lorenzo Torres abandonan o Salón de Plenos).

Pero que fai a Xunta de Galiza diante desta situación de afogo dos concellos galegos? Ben, pois dos 627 millóns de euros que a Xunta destina, sobre o papel, aos concellos no orzamento de 2025, só o 20%, só o 20% se reparte a través do fondo de cooperación local, dos cales só 118 millóns de euros se reparten con criterios obxectivos e incondicionados, 118 millóns para 313 concellos. Podemos comparalos aquí coas cifras do POS, que este ano posibelmente cheguen aos 130 millóns, van chegar aos 130 millóns, 118 da Xunta de Galiza, 130 da Deputación da Coruña, 130 millóns de euros sen os cales os 93 concellos da provincia non poderían sobrevivir. E o resto?, ai, o resto!, como utiliza o resto a Xunta de Galiza? 509 millóns de euros a través de liñas de subvencións e convenios con criterios condicionados ou a dedo, e néganse a incluílos unha e outra vez no fondo de cooperación local como financiamento incondicional. E está ben que se poñan moi estupendos agora coa situación económica dos concellos, pero o que tiñan era que aplicarse o conto.

Miren, a reivindicación da súa moción non nos é allea, pero o que pasa é que hai moita hipocrisía detrás dela. Primeiro, na súa actuación no Congreso dos Deputados e, segundo, na súa actuación desde a Xunta de Galiza, porque ten os concellos afogados.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día.

Bueno, poderíamos dicilo máis alto, pero non máis claro, é dicir, a exposición da compañeira que me precedeu define perfectamente cal é a situación dos concellos e quen ten a responsabilidade da situación.

Chama a atención unha vez máis... ben, chama a atención, eu penso que non, que non nos chama a atención, é unha frase feita que queda ben, pero a min non me chama nada a atención, porque vai na liña habitual do Partido Popular. Eles xeran un problema, bótanlle a culpa a outro e despois traen unha solución alternativa que só se propón cando o que a ten que adoptar non é o propio Partido Popular, e vai aí o que acaba de comentar agora, é dicir, pedimos aquí ao Goberno do Estado unha serie de



cuestións, que me parecen ben e que nós compartimos, en esencia nós compartimos que se utilice o superávit, e mire ata que punto o compartimos que foi este Goberno do Estado o que habilitou os concellos para poder utilizalo, porque cando gobernaban vostedes en España non se nos permitía. Non se nos permitía cunha norma que ademais era totalmente inxusta, que era facer táboa rasa, é dicir, ningún concello podía gastar o que tiña aforrado, dá igual o que debía unha cantidade astronómica, como podía ser o Concello de Madrid, ou outros concellos que poidamos imaxinar, con aqueloutro concello que tiña as súas contas saneadas, que estaba ao día, que tiña aforros. Pois non, aquí, como algúns debían, ninguén gasta. Unha cousa bastante rechamante, non? É como se vou pedir eu un crédito a unha entidade bancaria e resulta que eu teño un millón de euros no banco, pido un crédito de 100.000 euros e non mos dan porque vostede lles debe cartos. Mire, o que debe vostede págueo vostede, por que teño que pagar eu por vostede.

Ben, pois desa visión totalmente, como digo, extraterrestre e marciana do que son as administracións públicas e que parte, sen lugar a dúbidas, do pouco respecto que se ten, por determinadas formacións políticas, polo mundo municipal e polo municipalismo en xeral, que seguen sen tratarnos, como administracións que somos maiores de idade, de ti a ti, trátannos como se foramos mendigos, sobre todo –entrarei xa en materia a ese respecto– naquelas administracións gobernadas por vostedes, resulta que agora, claro, a culpa de que non hai orzamentos é do Goberno de España, cando vostedes poden aprobar os orzamentos, ou, se non poden aprobalos, polo menos poden solicitar vostedes ao Goberno de España, ao presidente, pois unha reunión para poder abordar este tema, e facer propostas para os orzamentos que poidan contar co apoio do Partido Popular. Pero non, xa sabemos que iso non vai pasar, porque vostedes están instalados constantemente en “el no por el no”, vímolos esta mesma semana, onde ademais fixeron un ridículo espantoso cunha decisión que ao final intentaron emendar, pero que despois quedou amañada, afortunadamente, porque algúns son un pouco máis responsables que vostedes, eses que uns días son socios do Goberno e nunca son socios de vostedes, só son socios do Goberno cando votan co Goberno, cando votan con vostedes son, non sei, xente especial.

Dito o cal, e ademais chama máis a atención que esta proposta parta dun partido que aquí nesta autonomía ten moito que facer e que dicir en materia de financiamento local, como ben acaba de comentar a miña compañeira, e non sei por que non se aplican vostedes o conto, porque iso de “consejos vendo que para mí no tengo” xa estamos moi acostumados todos e todas aquí neste Pleno. É dicir, acaba de dicilo cun dato obxectivo, este ano, a Deputación Provincial da Coruña, con 200 millóns de euros de orzamento, vai repartir máis recursos con criterios obxectivos que a Xunta de Galicia entre os 313 concellos desta provincia, desta Comunidade Autónoma. É dicir, 13.000 millóns de euros de orzamento da Xunta de Galicia, vai repartir 118 millóns; 200 millóns da Deputación Provincial da Coruña, vai repartir 130. Esa é a diferenza de concepto e de visión das administracións públicas e de como debe funcionar que hai entre vostedes e nós.

E despois temos, como ben dicía agora, algo máis de 500 millóns que se reparten como? Pois unha parte moi importante a través de convenios nominativos, o 99% con concellos do Partido Popular, que non ten o 99% dos concellos de Galicia. Outra parte moi significativa en concorrencia non competitiva, que todos sabemos como funciona: avisan vostedes antes os seus alcaldes e alcaldesas para que saiban cando van saír as resolucións e as convocatorias, iso sabémolo todos, non mo van negar, aínda que o neguen non vale de nada, porque sei que efectivamente é así e, por tanto, chegan antes e sabemos como funciona: en 6 minutos, 4 minutos, 5 minutos esgótanse os fondos e lévanos sempre os mesmos. E despois, é verdade, algunhas tamén en concorrencia competitiva, pero que segue sendo vergoñento, segue sendo vergoñento porque a Xunta



de Galicia, na súa relación en canto a financiamento co Goberno de España non ten que ir a ningún tipo de convocatoria en concorrencia competitiva, nin non competitiva, para conseguir recursos para a autonomía. Páctanse uns criterios de reparto dos recursos e a cada autonomía correspóndenlle os seus, poderán gustarnos máis ou menos, pero todo o mundo sabe o que lle vai tocar, e dá igual que estea gobernado polo Partido Popular, polo Partido Socialista ou por calquera outra formación política. Bueno, pois non sei por que a Xunta non fai o mesmo aquí cos concellos, porque eses recursos que recibe, uns do Estado e outros que son propios da autonomía, non os reparte con ese criterio de equidade que vostedes propoñen neste caso para a utilización do superávit, ou que exigen ao Goberno do Estado dende a Xunta de Galicia cando se trata de solicitar recursos para esta autonomía.

Por que non o fan?, pois xa o sabemos todos e todas: porque iso non lles permitiría financiar de máis os concellos gobernados polo Partido Popular en detrimento dos concellos que non o están. E ese é o día a día, ese é o día a día da política en Galicia. Por iso, que veñan vostedes con esta proposta cando vostedes, primeiro, foron os que xeraron o problema inicialmente, aprobando aquelas regras fiscais. Non lle deron ningún tipo de solución mentres estiveron no Goberno, tivo que chegar este Goberno do Partido Socialista para poder autorizar aos concellos o uso dos remanentes e do superávit. Agora resulta que votan en contra dos orzamentos do Estado e veñen pedir aquí que, por real decreto que, por certo, tamén critican o Goberno porque aproba moitas cousas por real decreto, resulta que agora si, o real decreto é válido para que aprobe o uso do superávit, ben, pois é importante que se poñan vostedes de acordo, como mínimo entre vostedes e despois co resto. Pero dicir unha cousa un día e ao día seguinte dicir a contraria pois que quere que lle diga? E, sobre todo, tamén, e volvo a onde empecei, que o fagan, ademais, con certa coherencia, que aquilo que piden noutros sitios o apliquen tamén onde están gobernando, porque nós, que levamos moito tempo solicitando que a Xunta de Galicia faga ese reparto de fondos públicos con criterio obxectivo, aplicámolo nesta Administración, cun Plan de obras e servizos que pasou de 20 millóns a 130, e que reparte recursos con criterios obxectivos. Bueno, pois a ver se a Xunta de Galicia pode facer o mesmo.

Por iso, imos propoñerlles a vostedes, tendo en conta que, a pesar da exposición de motivos, que non compartimos, a pesar do incoherente da súa postura e das súas contradicións, ímoslles propoñer unha emenda de adhesión. Non pedimos que retiren vostedes o punto de acordo, senón que engadamos dous puntos, que un deles sería: "Instar o Partido Popular a iniciar negociacións inmediatas co Goberno de España para aprobar o teito de gasto e a senda de estabilidade plurianual e, a continuación, iniciar as conversas para sacar adiante canto antes os orzamentos xerais do Estado para 2025", simplemente que senten a falar, non estamos pedindo nada máis, creo que en política e en democracia é unha das bases sobre a que se sustenta o noso sistema. E a segunda emenda: "Tendo en conta que o financiamento dos concellos ten tres piares básicos: un, fondos propios, é dicir, local; outro, autonómico; e, outro, estatal, e compartindo a necesidade de establecer mecanismos que permitan o uso do superávit por parte das entidades locais, instamos a Xunta de Galicia a incrementar ata os 200 millóns de euros a parte incondicionada do fondo galego de cooperación local". Esa addenda, que terían que asumir vostedes, porque teríamos que tela presentado con anterioridade, polo tanto poden facela súa, incorporala á moción, sumariamos estes dous puntos ao punto que teñen vostedes presentado. Se realmente lles preocupa o financiamento dos concellos, se realmente lles preocupa o uso do superávit, teñen agora a posibilidade de que o poidamos crer de verdade, admitindo e asumindo estas dúas emendas como propias, tendo en conta o que parece que é a sensibilidade que lles espertou, agora que está na oposición ao Goberno de España, polo financiamento local e polo uso do superávit por parte dos concellos.



Nada máis, moitas grazas.

Sra. Sanjurjo Fraga

Pois moitas grazas de novo, señor presidente.

Ben, esquecemos unha cousiña, e é que isto vén derivado de que o Goberno de España non ten orzamentos, non tivo orzamentos no 24 e tampouco ten orzamentos no 25. Bueno, con sorte ao mellor conseguimos e vemos que Pedro Sánchez faga orzamentos no 26, quen sabe, teremos esperanza.

E, ben, xa para pechar, porque esta é unha moción sinxela, agradecemos o voto favorable de Alternativa dos Veciños. Dou por feito que o Bloque Nacionalista apoiará tamén esta moción por tanto e moito o que lle temos escoitado aos nacionalistas a súa aversión a pagarlles aos bancos. Braman cada vez que se amortiza un euro con remanentes.

E o señor Fernández xa sei que vostede é do Partido Socialista, e falou moito antes, e fala vostede moi ben, pero quero pensar que vostede pon por riba os intereses do seu concello, que é para o que traballa, ou da Deputación, que é onde estamos hoxe, antes que asentir sen protestar o que fai ou non fai, como neste caso, Pedro Sánchez.

No tema das emendas, non lle imos admitir ningunha, e invitámolo a que, en vez de pasar o traballo que fixo en facer as emendas, pois que faga mocións, porque as dúas mocións que traemos e que hai hoxe neste Pleno son as elaboradas por este grupo.

Como non pode ser doutro xeito, ao noso modo de entendela, agardamos o voto favorable de toda a Corporación. E recorden que estamos nun órgano supramunicipal, é dicir, que todos e todas as que estamos aquí estamos en representación de todos os veciños e de todas as vilas, parroquias e concellos da provincia. Recórdoo porque é fácil despistarse. Eu, por exemplo, onte, pola tarde-noite, tiven o Pleno do Concello de Ferrol, xa viron que antes me trabei, pensaba que seguía alí e, por iso, ás veces, hai que cambiar de chip na cabeza. Eu non estou hoxe só defendendo Ferrol, como digo, senón que estou mirando polo ben de todos os concellos da provincia. Polo tanto, pedímoslles a vostedes que fagan o mesmo e que voten polo ben de todos os concellos da provincia.

Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Non sei se ese recordo que nos propón aos demais o di pola moción que imos debater a continuación. Igual o quere dicir por iso. É importante... Benvidos, benvidos a esa concepción deste ente, deste salón de plenos, como un foro de debate no que defendemos os intereses de toda a provincia, ía sendo hora, sobre todo porque a maioría das mocións que traen vostedes nunca teñen nada que ver con esta provincia, nin cos concellos nin, en moitos casos, co conxunto dos concellos desta provincia. A continuación a moción que debateremos, non fago ningún tipo de apriorismo, pero que podería ampliarse a todos os concellos e é dun concello concreto. Por tanto, entendo que ese recordo que nos acaba de facer, ese consello será para a súa bancada, non para os que estamos aquí en fronte. Dito o cal, e falando de apriorismos, o que acabo de comentar, non sei se vostede xa tiña escrita a súa intervención, ou non me escoitou cando falei, que pode ser tamén. Porque di vostede, "bueno, es que usted acepta a pie juntillas lo que dice su partido". Non, perdoe, primeiro, o meu partido non di que non se vai utilizar o superávit. É que o feito de que non se poida utilizar o superávit é culpa do seu partido,



que non aproba os orzamentos xerais do Estado, que non os apoiou no 2024, e que agora, dá igual a proposta que faga este Goberno, non os vai aprobar baixo ningún concepto. Por iso, dende o seu partido non hai ningunha proposta concreta, pública e oficial ao Goberno de España para aprobar os orzamentos, porque o lóxico será: oiga, yo de primeiras no le voy a dar una carta en blanco. Pero, mire, eu teño todas estas propostas para incluír nos orzamentos xerais do Estado. Se o Goberno de España está disposto a aceptalas, eu apróbolle os orzamentos, eu non escoitei ningún tipo de proposta sobre iso. Escoito falar da muller dun, do irmán do outro, do fiscal e tal, pero de cuestións deste calado, que ao final son as que importan e as que inciden sobre todo na vida dos cidadáns, non lles escoitei absolutamente nada. E, repito unha vez máis, “le dijo la sartén al cazo”. Resulta que son vostedes os que provocaron este problema hai anos, son os que volven provocalo agora e resulta que é culpa dos que estamos en fronte. Ben, pois iso xa me parece surrealista.

Polo tanto... e despois, ben, tamén hai outra cuestión que me chama moito a atención: que diga “si quiere usted que apoyemos eso, presente una moción y trabaje”. Pero eu fago a pregunta á inversa: vostedes están de acordo con estas dúas addendas que acabo de presentar? Porque, se están de acordo, para que imos facer unha moción e perder tempo no seguinte pleno? Admítenas e votámolas todas xuntas, non hai ningún tipo de problema. Vostedes tamén teñen presentado algunhas veces unha emenda a mocións que presentamos outros grupos nesta Corporación e ata o de agora nunca houbo ningún tipo de problema, podemos admitila ou non, pero a desculpa nunca pode ser faga vostede unha moción. Se están de acordo e tanto lles preocupa o financiamento dos concellos e tanto lles preocupa a utilización do superávit, pois, mire, teno moi fácil, vámoslle pedir á Xunta que polo menos poña 200 millóns no fondo de cooperación, home, de 13.000 malo será que non dean raspado dalgún sitio. E a outra parte pedirlle ao seu partido que sente a negociar, a negociar e a falar, nada máis; negociar e falar, que é indispensable e fundamental en democracia, co Goberno de España para chegar a acordos. Pero, claro, para que iso ocorra hai que querer chegar a acordos e vostedes non queren chegar a acordos, porque entenden que lles vai moi ben así e porque xa son fieis seguidores desa disciplina que xa coñecemos xustamente polo pai desta criatura, que é o señor Montoro, que é o “cuanto peor, mejor”, que é o único que aplican vostedes cando están na oposición. Os grandes acordos neste país sempre chegan cando o Partido Popular goberna, e por que?, porque o resto temos a responsabilidade na oposición que vostedes non teñen cando están na oposición: é dicir, o pacto antitransfuguismo, o pacto contra o terrorismo, todo iso chega cando somos os demais os que estamos na oposición e non temos esa visión “del cuanto peor, mejor” que só saben aplicar vostedes.

Polo tanto, xa sabemos que non ían admitir as emendas porque xa, vamos, é o típico neste salón de plenos, nunca admiten nada no que se cite ou se mente a bicha, que neste caso é a Xunta de Galicia. É unha mágoa que ese sentimento que teñen vostedes de defensa dos intereses dos concellos non o apliquen na Administración que ten moita relación con estes concellos e que nos discrimina, como está máis que comprobado e constatado, e que reparte os cartos que son de todos entre os seus, que iso é o que fan moi ben dende hai moitos anos.

Así que, ben, pois sinto moito que non admitan esas emendas que, repito, non eran, ou sexa, eran de adhesión, perdón. Por tanto, non tiñan que retirar vostedes nada, non era substituír a súa, non era de substitución, era de adhesión para, ben, digamos que mellorar un pouco esa moción pero, ben, xa sabemos que iso non ía pasar, porque aquí os únicos que defenden os intereses das súas siglas son vostedes, os que estamos aquí temos dado mostras sobradas ao longo destes nove anos de non ser así, afortunadamente.



Nada máis, moitas grazas e, loxicamente, imos votar en contra.

Sra. Veira González

Un par de cuestións. É imposible abstraerse de como está a funcionar o Partido Popular no Estado, e o certo é que vostedes veñen aquí a reclamar unha cousa que é do Estado que poden solucionar vostedes cambiando de actitude no Congreso das Deputadas e dos Deputados. Pero vostedes prefiren optar por outra maneira de facer política coa que nós, desde logo, non concordamos.

Mire, señora Sanjurjo, vostede di que no Bloque bramamos por pagar aos bancos e por amortizar débeda. Non, señora, polo que bramamos é porque houbo un momento concreto na historia do Estado español no que se priorizou pagar á banca por enriba dos dereitos, por enriba das persoas, por enriba das necesidades das persoas. Por iso bramamos, por iso bramamos, a ver se falamos cun pouquiño máis de propiedade.

Miren, vostede acaba de facer aquí como un alegato de que están moi preocupados polos concellos. Vólvolle repetir o que lle dixen na outra intervención: vostedes non están preocupados polos concellos. Non están preocupados porque na Xunta de Galicia non atenden os concellos, non atenden a todos os concellos por igual, perdón, e despois acaban de amosar vostedes coa súa abstención ás bases do POS que tampouco están de acordo, acaban de confirmar unha vez máis que non están de acordo cun reparto equitativo dos fondos públicos.

Entón, claro, aquí todo no seu sitio é todo moi clariño. Nós non imos votar a favor da súa moción porque non acaban de aceptar dúas emendas que son básicas, que son básicas: aumentar o fondo de cooperación local e que vostedes solucionen as cousas onde as teñen que solucionar, que é no Congreso dos Deputados, e que permitan que no Congreso dos Deputados se aprobe algo, unha normativa que permita aos concellos, desde logo, utilizar o superávit para o que están dicindo aquí que defenden. Nada máis.

Sra. Sanjurjo Fraga

Pois moitas grazas de novo, señor presidente. Pois, segundo intento de peche. Ben, pois xa para pechar espero que definitivamente.

Obras son amores, señor Fernández. Nós somos máis de traballar e de acción que de peroratas e diatribas. Parece que vostede está a gusto no enfrontamento, pero nós somos máis de contas e menos de contos. Votemos e listo. Teñen a oportunidade agora mesmo de demostrar dándolle ao botón e non poñendo as emendas como desculpa de mal pagador. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Obras son amores, efectivamente. Un plan de obras de 130 millóns de euros, fronte a un que tiñan vostedes de 20 millóns de euros, fronte a 118 millóns de euros que van repartir vostedes entre 313 concellos, mentres nós repartimos 130 entre 93. Iso si que son obras.

E dígolle unha cousa: mire, Navarra ten 6.000 millóns de euros de orzamento. Sabe vostede canto reparte a través do seu fondo de cooperación entre os concellos? 257. Vostedes teñen 13.000 e reparten 118. Hai que ter a cara moi dura, moi dura, de cemento armado, por falar de obras, para vir aquí a facer a defensa que acaba de facer vostede de algo e escudarse en que non admiten as emendas porque temos que



traballar. Ben, non se preocupe, no seguinte pleno imos traer unha moción con esta proposta, a ver o que votan. Adiántome case e podo asegurar que buscarán algunha desculpa para non reclamarlle á Xunta de Galicia que incremente a achega aos concellos e que non faga o que facemos os demais que estamos aquí, por iso obras son buenas razones, porque nós damos exemplo coa nosa xestión, repartimos os recursos cun criterio obxectivo, a maior parte dos recursos que reparte esta Deputación. Vostedes non; repito, vostedes repártenos cos seus, co dedo, roubándolle, imos utilizar xa ese termo que tanto utilizaban vostedes cando sacamos o Plan único, ao resto de concellos que non goberna o Partido Popular, roubándolles os cartos para repartilos entre os seus, a través de obras en infraestruturas. Todos sabemos as sendas en que concellos caen, a través de convenios nominativos que ninguén sabe onde están; xa non imos falar dos plans estratéxicos que aquí exixen pero que non exixen onde vostedes gobernan, a través de concorrencia non competitiva que roza a ilegalidade, convocando ou realizando convocatorias de subvencións que empezan ás 12 da noite cando ninguén traballa nas administracións públicas, e que ademais vostedes transmiten información aos seus alcaldes e alcaldesas e voceiros moi clara onde pon cando van saír as resolucións, en que mes, en que semana do mes e que consellarías as van sacar. E esa información témola moitos dos que estamos aquí sentados, e iso é o que fan vostedes, non sacan esa información para o conxunto dos concellos. E ese trato ten nome, que é roubarlle á cidadanía dos concellos que non vota ao Partido Popular. E iso é o que fan vostedes, e non me tire moito máis da lingua, porque igual acábolle sacando algunha información aquí a este respecto do que acabo de comentar de como se pasa información aos seus alcaldes e portavoces, que os vai poñer a vostedes colorados. Igual non, porque ás veces a algún sóbralle valor para aguantar o que lle boten. Pero, repito, aquí todos sabemos ao que xogamos. Leccións dese grupo en financiamento local ningunha. Vostedes teñen a Administración que máis competencias impropias nos carga aos concellos sen acompañalas de recursos. Podemos falar do SAF, podemos falar dos centros educativos, podemos falar incluso de centros médicos, podemos falar de como os niños de velutina se quitan agora por parte da Xunta de Galicia detraendo fondos do fondo de cooperación local, e podo poñer moitos máis exemplos que son coñecidos por todos e todas os que estamos aquí sentados.

Así que está muy bien el discurso ese que me parece moi bonito, pero todos sabemos o que hai. A min, dende logo, non me van enganar. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Disculpe, presidente. Gracias. Buenos días a todas y a todos.

Yo le pediría al señor Bernardo que retire las palabras que ha dicho de robar recursos por parte de este grupo o por parte del Gobierno de la Xunta. Se lo pido, por favor, que lo retire y le voy a dar un consejo, le voy a dar un consejo. Cuando se interviene de alguna manera y se tiene una actuación, digamos, con un tono como está teniendo, la violencia física, en muchos casos, es el prelude de la violencia física. Usted debería saberlo mejor que nadie. Entonces, vamos a rebajar el tono, vamos a rebajar los tonos o las actitudes violentas por el bien de todos, repito, porque usted debería saberlo mejor que nadie. Nada más y muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Non, por alusión, se me permite. Iso xa cho digo persoalmente, Evaristo, tíñate por unha persoa cunha moral un pouco máis elevada que a que acabas de amosar agora. Cando esa referencia que acabas de facer quede aclarada, virei a este Pleno a pedirche publicamente que me pidas desculpas, vale? Iso fareino.



Aquí, comportamentos agresivos neste Pleno non os hai desta bancada; desa si os hai. Faltas de respecto nesta Administración aos que estamos aquí e a funcionarios desta casa, desa bancada hainos, nunca che escoitei dicir nada publicamente. Novamente máis nese exemplo de “consejos vendo que para mí no tengo”. Nin a educación, nin as formas nin o respecto están dese lado, e hai probas e mostras, moitas, nesta Deputación ao longo deste anos, e nos últimos tempos máis. Sería importante que te aplicaras o conto. E, repito, virei aquí e exixireiche que me pidas desculpas por iso que acabas de dicir.

Dicho lo cual, aquí os primeiros que faloron de roubarlles aos concellos saben quen foron?, vostedes, e non retiraron a guinda. E sabe cando foi? Cando aprobamos o Plan único aí diante, dicindo que a Deputación lles roubaba aos concellos desta provincia. E hai titulares, que os pode buscar vostede na prensa, na prensa. Non lle escoitei nin a vostede, nin a ningún alcalde, nin a ninguén dos que estaban naquel momento manifestándose pedir desculpas á Deputación xa non só porque non se lle roubara, senón porque reciban o triplo do que recibían naquela época.

Polo tanto, a forma de ser, de estar e de comportarse dende logo dende esa bancada, cara min xa persoalmente, e aos que estamos aquí sentados ningunha, ningunha, porque temos dado, por sorte para nós, moitos máis exemplos de educación e de respecto polos cidadáns e por esta institución da que dá algunha xente que está sentada ao seu carón.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Sí, vamos a... Jamás, jamás, jamás desde este grupo, o yo, como portavoz de este grupo, he hecho mención a ninguna cuestión personal de nadie, jamás. Es más, yo ahora sugiero o hago mención a que rebajes el tono porque es interesante que así sea. Porque es habitual en tus conductas, cuando te vas enervando a lo largo de tu intervención, que utilices términos que no están bien utilizados. Y que el Partido Popular desde las distintas administraciones roba o sustrae fondos a nadie yo te pido que lo retires.

Respecto a lo otro, el primero en estar feliz, si soluciona la cuestión esa, seré yo, sin ningún tipo de problema. Pero, mientras tanto, te aconsejo rebajar el tono y, repito, que cualquier tipo de violencia es mala, y desde luego desde este grupo la condenamos sin excepción. Gracias.

Sr. Presidente

Ben, a ver eu creo que se algún pleno institucional é exemplar habitualmente é o da Deputación da Coruña, por moito que debatamos, ás veces con moita intensidade, pero nunca superando os límites do respecto ao que está en fronte. Evidentemente, elevar o ton ao falar ocorre en moitas ocasións, ocorre en moitas ocasións, pero nunca se traduce, nin se define como violencia, nunca, nunca. Simplemente, un ton máis elevado, ao que calquera ten dereito, ata un punto, evidentemente. Fálase con todo o respecto do mundo, eu creo que de aí non debe pasar ningunha apreciación, vale?

E agora vai rematar a valoración a deputada propoñente.



Sra. Sanjurjo Fraga

Pois moitas grazas, señor presidente. Nada, parece que, señor Fernández, parece que lle custa non dicir sempre a última palabra.

Terceiro, intento de peche. Agradecemos o voto favorable de Alternativa dos Veciños e non imos facer caso das súas palabras de gatillo fácil. Non queremos, non estamos aquí para xogar aos pistoleiros, estamos nun órgano serio e non temos máis que dicir. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Pois a última palabra, ao final, vaina dicir o presidente ao respecto. É difícil non compartir o que propón, loxicamente, o Partido Popular nesta moción, porque nós fomos os que, xunto con outros partidos que estaban presentes no arco parlamentario nacional, os que presentamos un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei 2012 de financiamento local, porque lles dicía aos veciños e veciñas de toda España que os aforros e a boa xestión dos seus concellos non podían ser empregados naquelas cuestións que puidesen ser consideradas, básicas tanto en materia de infraestruturas como en materia de servizos por parte dos seus representantes. Polo tanto, recorreremos aquilo e non estamos de acordo con que se siga a limitar aquela lei marco que aprobou o Partido Popular no seu día, non estamos de acordo con que siga despregando uns efectos que, sen dúbida ningunha, son inxustos cos concellos de Galicia.

Pero tampouco podemos obviar que, se veñen aquí a falar de financiamento local, non aproveitemos a oportunidade para considerar e expoñer a necesidade de maior financiamento local, tal e como vimos expoñendo, dende hai moitos anos, moitas forzas políticas e tamén moitos alcaldes na propia Fegamp, incluído o Partido Popular, porque entendemos que está conxelado o fondo e é absolutamente insuficiente para atender unhas necesidades financeiras que cada vez son maiores nos concellos de Galicia.

Procedemos á votación.

VOTACION

Votan a favor: 15 deputados/as (13 do PP, 1 do PSOE e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (8 do PSOE e 6 do BNG).

Absteñense: 2 deputados (1 do PP e 1 do PSOE - en virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción do Grupo Popular Provincial da Deputación de A Coruña, sobre o superavit presupostario do ano 2024.

Actualmente encontrámonos en situación de prórroga dos Presupostos Xerais do Estado do ano 2023, debido a que non se aprobou unha nova Lei de Presupostos Xerais para o ano 2025, nin se definiron os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira para este ano.

Neste contexto, as entidades locais, descoñecen a situación na que quedan as Regras Fiscais para o ano 2025 e por tanto descoñecen como se aplicará o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira en relación co destino do superávit orzamentario, así como a posibilidade de destinar o superávit do ano



2024, ao establecido na Disposición Adicional Sexta da mencionada Lei Orgánica.

Dada a actual situación financeira dos concellos e o retraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiación autonómica para que unha vez establecido este, pactar o novo sistema de financiación local que permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes así como do capítulo de persoal e prestación de servizos aos cidadáns, é imprescindible determinar canto antes "os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para el ano 2025". Neste contexto, é necesario que os concellos poidan destinar o superávit do ano 2024 nas mesmas condicións que o ano anterior, nos termos que establece a disposición adicional sexta, que regula una serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou á amortización de débeda.

Polo exposto, solicitamos:

Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit presupostario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a amortización de débeda."

Sr. Presidente

Procedemos á segunda moción, presentada polo Grupo Popular, sobre a colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo en estradas e sendas provinciais.

2.Moción do Grupo Popular sobre a colaboración entre a Deputación e o Concello de Arteixo en estradas e sendas provinciais

Nos últimos anos, o Concello de Arteixo realizou numerosas obras na vías provinciais, a maioría encamiñadas a mellorar a seguridade viaria. O Concello de Arteixo investiu, dos seus recursos propios e dos recursos dos seus veciños, 3.641.092 € nas estradas de titularidade da Deputación (que son competencia da Deputación) actuacións: na DP-0501, DP-0506, DP-0507, DP-0510, DP-0511, DP-0513 e a DP-0514.

O concello de Arteixo solicitou á Deputación (pleno do 28/04/2016) a cesión das estradas provinciais DP-0501, DP-0502, DP-0503, DP-0505, DP-0506, DP-0507, DP-0508 e tramos da DP-0512 e da DP-0514, sempre que previamente a Deputación realice as obras necesarias para que estas estradas cumpran coa seguridade e cun adecuado estado de mantemento.

O concello de Arteixo propón de modo coordinado coa Deputación a execución de sendas e as melloras de seguridade viaria das estradas provinciais en territorio arteixán. A proposta basease na necesidade de mellorar a seguridade nas estradas de titularidade da Deputación da Coruña; moitas de elas con plataformas viarias inferiores aos seis metros (o mínimo que se considera necesario para a circulación de vehículos en ámbolos dous sentidos); e moitas por carecer de sendas ou itinerarios peonís seguros (o que supón un risco para a circulación peonil e viaria).



Motivados polo exposto, trasládase esta proposta para actuar de xeito coordinado entre a Deputación da Coruña e o concello de Arteixo na realización das melloras de seguridade viaria e das actuacións de sendas nas distintas estradas de competencia da Deputación da Coruña en Arteixo.

Solicitando con cargo á Deputación da Coruña a execución da :

*Senda peonil Suevos DP-0503 con cargo do Plan de sendas 2025 da Deputación (coñecedores de que a Deputación está tramitando o proxecto "Mellora da seguridade vial na DP-0503. PQ 1+000 a 2+100)".

Solicitando con cargo á Deputación da Coruña, a través do Plan de Estradas de transferir aos concellos, proxectos de iniciativas conxuntas :

*Senda peonil Barrañán DP-0506, 2ª fase unión coa DP-0514.

Esta senda para axilizar a súa execución, e dentro do Plan Estratégico de Estradas da Deputación no punto 6.2.2 Proxectos de iniciativa conxunta, o concello comprométese en asumir o proxecto e executar a senda contando coa financiación da Deputación da Coruña.

A día de hoxe, o concello de Arteixo xa dispón do proxecto Senda peonil Barrañán DP-0506, 2ª fase unión con DP-0514. Así mesmo, o concello está disposto en asumir o custo da adquisición dos terreos necesarios para súa execución.

Solicítase o financiamento por parte da Deputación da Coruña para executar o proxecto Senda peonil Barrañán DP-0506, 2ª fase unión con DP-0514.

Solicitando con cargo do concello de Arteixo:

*DP-0512 - Uxes ao Polígono de Morás.

A Deputación non executou melloras reseñables nesta estrada (agás un cambio na capa de rodadura); atopándose nun estado de inseguridade para os veciños de Arteixo e co grave risco a maiores da ausencia dunha senda no lugar de Uxes-Roxiñas.

*DP-0512 - travesía de Arteixo avenida de Finisterre.

A Deputación non executou neste tramo ningunha mellora; esta estrada amosa unha grande inseguridade: con cruzamentos moi perigosos (como son o da travesía de Arteixo e a travesía da Groufa ou coa avd. de Finisterre); a falla de pasos de peóns e a ausencia de beirarrúas (moi inseguro para os rapaces que collen aquí o bus escolar) etc. Todas estas actuacións son altamente demandadas polos veciños e veciñas de Arteixo polo gran risco de inseguridade.

*DP-0511 - proxecto de Mellora da seguridade viaria da estrada DP-0511 , Ervedíns-Loureda

Nos últimos anos , o concello de Arteixo realizou inversións na estrada DP-0511 (Loureda) de titularidade da Deputación da Coruña cun custo de 790.354 €, a Deputación non executou ningunha mellora neste vial, atopándose esta estrada nun estado de inseguridade para os veciños.



Así mesmo, o concello de Arteixo amósase disposto a que a Deputación da Coruña trasnfira ao concello a titularidade das seguintes estradas provinciais:

- * DP-0501 - Acceso ao Santuario de Pastoriza.
- * DP-0502 Avd. de Pastoriza.
- * DP-0506- Barrañán.
- * DP-0512 Trav. de Arteixo -Avd. Finisterre.
- * DP-0514 - ZBE itinerarios escolares seguros.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de A Coruña solicita ao Pleno da Deputación a adopción das seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

1. Solicitar á Deputación da Coruña un plan coordinado das actuacións entre o concello de Arteixo e a Deputación da Coruña para a realización de sendas peonís e melloras na seguridade viaria das estradas de titularidade da Deputación.

2. Solicitar á Deputación da Coruña a execución na DP-0503 Proxecto " Mellora da seguridade vial na DP-0503. Suevos PQ 1+000 a 2+100 con cargo da Deputación da Coruña.

3. Solicitar á Deputación da Coruña a Senda peonil Barrañán DP-0506 , 2ª fase unión con DP-0514, dentro do Plan Estratéxico de Estradas da Deputación no punto 6.2.2 Proxectos de iniciativa conxunta, transferencias con concellos, comprometéndose o concello a asumir o proxecto, a obtención dos terreos necesarios (a cargo do concello) e executar a senda co financiamento da Deputación da Coruña.

4. Executar con cargo ao concello de Arteixo a Senda Peonil DP-0512 Uxes ao Polígono de Morás.

5. Executar con cargo ao concello de Arteixo as beirarrúas da DP-0512 entre a travesía de Arteixo e avenida de Finisterre.

6. Executar con cargo ao concello de Arteixo o proxecto da Mellora na seguridade viaria e acondicionamento da estrada DP-0511 , Ervedís Loureda.

Sr. Calvelo Martínez

Bueno, espero que sea tan vehemente en las intervenciones como ha sido anteriormente en la siguiente moción. Es una pena que el orden de las mociones no fuera al revés, porque, claro, después de lo que acabo de oír aquí, ya... Bueno, en todo caso, sí que voy a hacer lo que es una intervención y una propuesta, sobre todo en tono positivo y tono constructivo. Escuchar aquí que el PP siempre es el no por el no..., yo quiero ver el resultado de esta moción, a ver si no siempre la votación de la Diputación es el no por el no. Faltas de respeto aquí, yo, Bernardo, yo contigo no me meto, eh, yo no tengo ningún problema contigo, o sea que no hay ningún problema de verdad, faltas de respeto...

Sr. Presidente

Carlos, vamos a la moción.

Sr. Calvelo Martínez

Si, perdone. A mí non se me permite tanta vehemencia como a los anteriores. No



pasa nada, que, lo que dije, vengo con una moción en un tono constructivo.

Nos últimos anos, o Concello de Arteixo realizou numerosas intervencións e numerosos investimentos nas vías provinciais. A maioría encamiñadas a mellorar a seguridade viaria. O Concello de Arteixo investiu dos seus recursos propios e recursos dos seus veciños –cando falamos de competencias, eu por iso traio tamén aquí esta moción–, o Concello de Arteixo investiu nas carreteras, nas estradas de competencia da Deputación 3.600.000 euros nos últimos anos. Eu non quero levantar polémica; non sei se isto se podería denominar roubar. Non sei quen rouba aquí, pero si que o Concello de Arteixo, dos recursos dos seus veciños, investiu 3.600.000 euros en carreteras ou estradas de titularidade da Deputación da Coruña. Antes falaban aquí do tema dos criterios obxectivos... Ben, vou intentar seguir mantendo o que é este ton construtivo. Sobre todo, actuacións principalmente encamiñadas para mellorar a seguridade viaria nas estradas da Deputación. Fixemos actuacións na DP-501, na DP-506, na DP-507, na DP-510, na DP-511, na DP-513 e na DP-514; en Pastoriza, para que os veciños poidan ir con seguridade; en Barrañán, que é unha situación crítica, sobre todo a situación da estrada, cunha grandísima perigosidade; en Armentón, Lañas-Armentón, que tamén a estrada carecía basicamente de senda ou beirarrúa, fixémosla nós; en Uxes, na 510, no concello de Arteixo; é verdade que no Concello de Culleredo a pagou a Deputación. Nós non tivemos esa sorte, non sei, ao mellor é culpa nosa. En Loureda tamén tivemos que facer as beirarrúas, as sendas; na Cachada tamén tivemos que facer as beirarrúas, as sendas; e no que é na DP-514, xa no centro de Arteixo, máis no centro de Arteixo, si que se fixo tamén unha remodelación das estradas. Sendas da Deputación, que fixera a Deputación cos seus recursos nestes 14 anos, pois foi unha. Nós fixemos sete e eles fixeron unha senda, unha senda, unha senda; xa sei que asfaltaron, tamén só faltaba que a asfaltamos nós, pero, ben, sete contra un. Non querendo polemizar, non sei quen rouba máis. Cando fala aí das competencias impropias, competencias dos concellos, da Xunta, as competencias, os centros de educación ou tal... E as competencias da Deputación? A Deputación da Coruña, creo que estamos no sitio adecuado para falar das sendas e das estradas da Deputación, é o sitio adecuado, non?

Ademais, o Concello de Arteixo non tivemos esa sorte, e aínda por riba pedimos á Deputación, no Pleno do 28 de abril de 2016, a cesión das estradas provinciais a 501, a 502, a 503, a 505, a 506, a 507, a 508, e tramos tamén puntuais da 512 e a 514. E, aínda por riba, o Concello pídelle á Deputación a cesión das estradas que, despois, non terían que manter vostedes, non o terían que facer, faríao o Concello. Si que é verdade que en 2016 pedimos previamente coas obras necesarias para que estean en condicións de seguridade, como non fixeron ningunha xa tivemos que facelas nós. E que máis?, agora xa lle pedimos a cesión das estradas amañadas polo Concello en bo estado. Non sei, eu na moción anterior estaba nun mundo paralelo, ou non sei se, claro, os argumentarios que presentan vostedes, o enfado do portavoz, esa vehemencia, non sei se agora, espero que a min non me berren, pero ben. E o Concello, e o Concello si que propón, neste caso de maneira coordinada coa Deputación, nós propoñemos, propoñemos de maneira coordinada coa Deputación, a execución de sendas e melloras da seguridade viaria das estradas provinciais e no territorio do concello en Arteixo, e a proposta sobre todo baséase na necesidade de mellorar a seguridade nas estradas de titularidade da Deputación da Coruña; é dicir, a nosa proposta de coordinación é para mellorar a seguridade viaria en estradas de titularidade da Coruña. Non sei, ás veces podo pensar: a seguridade nas estradas de titularidade do Concello, non sei, porque moitas delas, no caso de Arteixo, a maioría, teñen plataformas viarias inferiores aos 6 metros, as estradas non teñen nin ancho suficiente e a maioría delas carece de itinerarios peonís seguros, o que supón un grave risco para os peóns.

Motivado por todo o exposto, trasládase esta proposta de actuar de maneira



coordinada entre a Deputación e o Concello de Arteixo na realización nas melloras da seguridade viaria e actuacións en distintas sendas e estradas que son competencia da Deputación da Coruña. Solicitamos neste caso que a Deputación puidera facer, con cargo á Deputación, a senda peonil de Suevos, a 503 –só hai que ir para vela–, con cargo ao Plan de estradas da Deputación. E si que somos coñecedores de que a Deputación xa ten un proxecto –entendo eu que o traerán aquí– para tramitar a mellora da seguridade viaria na estrada de Suevos.

E logo, neste afán de intentar, neste caso, ter unha boa coordinación e seguindo tamén a planificación de vostedes, o Plan de estradas, solicitando a cargo da Deputación, a través do Plan de estradas de transferencias aos concellos, proxectos de iniciativas conxuntas, pedimos a senda peonil en Barrañán, na 506, a realización da segunda fase; a primeira fase fíxoa integramente o Concello de Arteixo e pagouna o Concello de Arteixo. Esta senda, e sobre todo para axilizar a súa execución, e dentro do Plan de estradas, ese plan estratéxico que debería existir, nós o que pedimos é que, neste caso, nos faciliten a dotación económica para executar a obra. Só a dotación económica para executar a obra. O Concello xa fixo o proxecto, que, ademais, cremos que é un proxecto completamente necesario; é máis, incluso aquí nesta moción nos comprometemos tamén incluso a adquirir os terreos ou facer as expropiacións, non é a nosa competencia, pero tamén nos comprometemos a expropiar os terreos, é dicir, o único que lle pedimos neste caso á Deputación é que nos facilite ese financiamento.

E estas dúas propostas que se lle piden á Deputación, o Concello comprométese a facer cos seus recursos, cos recursos dos seus veciños, tres sendas na propia Deputación. E nós comprometémonos, se esta moción saíra adiante –non creo, eu creo que o non polo non vai dar a volta agora, Bernardo, pero ben–, comprometémonos a executar con fondos municipais o que é a DP-512, que é a estrada que vai desde Uxes ao polígono de Morás, neste caso, aquí si que é verdade que a Deputación non executou absolutamente ningunha mellora nesta estrada, si que é verdade que algunha vez se asfaltou; é verdade que tamén neste caso ten un gravísimo problema de inseguridade, sobre todo na zona de Uxes-Rosiñas, porque si que non hai beirarrúas e hai unha zona de curva, contracurva, moi perigosa, ademais é unha senda que utilizan moito os veciños desa zona. Esta é a primeira que nos comprometemos a financiar integramente, 100% o Concello, 100%. E logo, nesta mesma estrada, hai outro tramo moi importante na DP-512 que vai da travesía de Arteixo á avenida Fisterra, travesía de Arteixo á avenida Fisterra, é un tramo que si que realmente tamén é bastante urbano, aquí si que é verdade que a Deputación aquí non executou nada, nin asfaltou nin beirarrúas nin estradas. Aquí nada, non existe nada, non hai nada. Esta si que é unha das estradas máis problemáticas e inseguras que neste caso hai no Concello de Arteixo, porque vai dende a travesía de Arteixo á avenida de Fisterra e hai cruces moi perigosos, sobre todo para ir á DP-512 cara o que é o polígono de Morás, cara Uxes, e sobre todo porque hai parada de bus dos nenos, aí para o bus; non hai nada, non hai marquesiña, non hai beirarrúas. Aparcan os buses e os nenos baixan en vacío con tráfico por todos os lados, cruzando en todos os sitios e que cremos que é unha das actuacións que neste caso si que máis urxe facer, e que neste acordo tamén nos comprometemos a financiarlo integramente, o 100% o Concello de Arteixo, cos recursos do Concello de Arteixo.

A senda anterior, Uxes ata o polígono de Morás é esta senda. E logo tamén o Concello de Arteixo se compromete, neste caso, a mellorar a seguridade viaria na DP-511, a estrada de Loureda que comunica con Culleredo, que tamén nos últimos anos a Deputación non fixo absolutamente nada, nada, na DP, si algunha rodadura, e que todas as beirarrúas ou sendas que están alí as fixo, as financiou o Concello; investiu máis de 800.000 euros, 790.000 euros nesa estrada e sobre todo que nesta estrada, si que o volvo reiterar, que non o estou pedindo, cunha situación que esta xa houbo un accidente



moi grave que case mata dúas persoas. E non hai... A senda ten menos de, a estrada da Deputación provincial ten menos de catro metros nalgún punto, non hai beirarrúas, non hai nada alí; é dicir, que case mata dous veciños e oxalá non pase pero, se non actuamos, algún día vaise recrudecer, e si que realmente imos ter unha situación de gravidade e Deus non o queira, que non haxa mortos.

Nós pedimos, a maiores desta proposta que fai o Concello de Arteixo –o non polo non non o entendemos– a maiores, sen pedirlle nada máis á Deputación que invista nada máis, non lle pedimos nada máis. Estamos tamén dispostos neste caso a que nos transfiran xa inmediatamente, xa é o grao da situación que temos en Arteixo que incluso, mire, pedimos que nos transfiran xa inmediatamente a DP-501, que é a de acceso ao santuario de Pastoriza. Esta xa a pedimos porque, claro, o outro día chegounos unha sentenza ao Concello de Arteixo, que houbo un accidente importante nesta estrada da Deputación, que a Deputación ten que pagar 68.000 euros por un accidente que houbo alí, que na primeira instancia a Deputación o perdeu. É verdade que na argumentación dos técnicos da Deputación e os xurídicos da Deputación nos botaron a culpa a nós, que era culpa do Concello de Arteixo e despois incluso na... –é para ver, o que é a demanda é para ver–, incluso despois que eramos nós os culpables, que tiñamos que pagar nós, que tiñamos que pagar nós, e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dixo que non, que tiña que pagar a Deputación, porque é unha estrada de competencia da Deputación e, que, claro, se había un foxo que levaba 4 anos alí, alguén o tiña que amañar, 68.000 euros, case unha persoa quedou nun estado grave.

E pedimos tamén a transferencia da 502, non fai falta que nos paguen nada, nada. Incluso pedimos a transferencia da 506, a estrada de Barrañán, da que lle pedimos financiamento; incluso lles pedimos, se nos conceden o financiamento, se nos aproban esta moción, xa lles pedimos a transferencia inmediata, inmediata. E sabemos que a estrada, a 506, a de Barrañán, que na segunda fase é unha estrada que utiliza moita xente, sobre todo en época estival para ir ás praias de Arteixo, é que, de verdade, a situación de inseguridade nesa estrada, de verdade, eu non quero ser agoireiro, pero un día vai pasar algo e de verdade... Neste caso nós estamos intentando facer esta proposta coordinada.

E tamén pedimos a 512, sobre todo ese tramo urbano que hai entre a travesía de Arteixo e a avenida de Fisterra, onde paran os rapaces, os nenos, cos buses, que non teñen nin beirarrúa nin paso de peóns alí. E pedimos tamén a transferencia dunha estrada na 514, que reformou completamente o Concello e intentando pois, por chegar a un acordo, creo que non, volvo díci-lo, vamos ver como se desenvolve o debate, a ver se temos sorte. Cando, claro, vostedes falan de que o PP no presuposto do Estado vai votar sempre que non, aínda que, que non, que non, nós aquí estamos facendo unha proposta dunha actuación coordinada coa Deputación basicamente onde pedimos o 50% do financiamento á Deputación, o 50% poñeríao o Concello, pero, claro, é para, sobre todo, actuar nas estradas da competencia da Deputación.

Ben, imos ver as intervencións.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moitísimas grazas, señor presidente. Moi bos días a todos e a todas.

Ben, intentando seguir neste ton e falando, como é, dende un ente provincial, pois dicirlle, señor deputado, señor alcalde de Arteixo, pois esta moción vai na liña da proposta desta Deputación. Ademais vostede coñéceo, porque podo dicir que tivemos bastantes reunións, visitas no seu territorio, no seu concello, e coñece a intención e todo



o que fomos falando e dialogando –creo que así debe ser– nese proxecto, que está a Deputación a traballar xa hai meses en ir transferindo esas estradas aos concellos con previas esas actuacións.

Loxicamente, sen comparacións, non é que non nos preocupen os veciños de Arteixo, é que nos preocupan os veciños e veciñas de Arteixo e do resto da provincia. E, loxicamente, pois buscando esa seguridade peonil, buscando esa seguridade da circulación e seguridade total e absoluta en todas esas vías, máis de 2.000 quilómetros que temos de vías provinciais en toda a provincia dentro deses 90 concellos da provincia da Coruña.

Como lle dicía antes, dentro desas visitas e desas reunións, pois dende o Servizo de Vías e Obras, eu, acompañada dos técnicos, pois fixemos bastantes explicacións sobre o tema. Vímolos, vostede coñece algún dos proxectos, ademais, eu creo que dende esta casa se lle expuxo, sabe perfectamente, coñece proxectos que están, que estiveron en redacción; vostede puido contar coa supervisión deses proxectos, é dicir, que, facendo un reparto, loxicamente temos que ser conscientes, e dicíao a súa compañeira hai un anaco, que temos os concellos que temos a nivel provincial. Como ente provincial, pois creo que nos debe preocupar, repito, sen comparacións, senón vendo e priorizando esas necesidades que hai en todos os concellos, e neste caso falando dende Vías e Obras, pois nesas vías provinciais non só podemos estar a falar de Arteixo, Arteixo tennos que preocupar igual que os outros concellos que teñen esas necesidades, e así llo propuxemos en varias ocasións, creo que de xeito coordinado e ademais equilibrado.

Vostede acaba de facer unha exposición da súa moción que lemos, que nos preocupa, que detrás de todo isto da súa exposición hai moito traballo, aínda que parece que non, pois si, loxicamente hai que cubrir e ser responsables desas necesidades, a pesar desa explicación que vostede acaba de facer, que pareceu un val de lágrimas e, vale, todos poderíamos, ao mellor, facer unha exposición nese sentido e, se nos comparamos, que digo non nos imos comparar, pero podería facelo igual que vostede, se me comparo coas necesidades que pode ter o meu concello ou moitos outros coa Xunta de Galicia, pero non o vou facer. Vostede nomeou varios outros concellos e eu creo que aquí non é quitar nin meter, é atender loxicamente as necesidades.

Pero, ben, despois desta pequena intervención, señor Calvelo, ao mellor vaise sorprenden, non vai ser o non polo non. Este Goberno está de acordo con esas peticións; terá que ser de xeito coordinado, e non é si porque si, é de xeito coordinado, atendendo esas peticións, redactando eses proxectos e seguindo con ese traballo de equipo de transferir esas estradas neste concello e noutros da provincia. Polo tanto, comunícolle que imos votar a favor desa moción e será sempre de xeito coordinado e con diálogo para atender as necesidades dos veciños e veciñas de Arteixo e do resto da provincia. Moitas grazas.

Sra. Veira González

Só para anunciar que imos votar a favor tamén.

Sr. Calvelo Martínez

Bueno, agradecer en este caso el voto a favor. No sé si... bueno. A ver, gracias, en este caso, Mónica, Bernardo, Regueira, incluso hasta gracias al presidente y gracias a los compañeros, Gelo, también. Bueno, Gelo no sé qué va a votar, pero también se lo agradezco, aunque no vote, vamos gracias a todos. Yo siempre tenía esa, vamos a decir así un poco... Yo creía que ustedes iban a votar que no pero, claro, cuando una



propuesta que se hace por parte del Concello de Arteixo para hacer una actuación coordinada y cuando en este caso para, vamos a decir así, actuar en las sendas que son competencia de ustedes y para que, vamos a decir así, los vecinos de Arteixo al final puedan tener una carretera digna y una carretera con seguridad, el Concello de Arteixo tiene que llegar a ofrecer el 50% del coste, con una inversión previa hecha de 3.600.000 euros. También, hombre, me gustaría ver cuál era la argumentación para votar que no. Me la gustaría haber visto, porque entonces sí que iba a replicar exactamente toda la intervención que hizo Bernardo anteriormente.

No es que me coja de sorpresa, porque esto en la Diputación era como echar una moneda al aire y a ver qué cuadraba. Pero la realidad, porque, claro, y se va a aprobar a favor esta moción, y yo la voy a tener en cuenta, y espero que en este caso, en los próximos meses, espero que no lo dilaten mucho, que también conocemos los plazos de la Diputación, que aparezca, que además es que sé, está el proyecto de la senda de Suevos, está entregado, espero que aparezca en el Plan de sendas o en la Comisión de Vías y Obras, si no es para el siguiente mes o para el otro. Nosotros inmediatamente ya vamos a remitir el proyecto de Barrañán, que ya lo tenemos hecho, inmediatamente, para la semana que viene lo tienen ustedes aquí, lo tienen ustedes aquí, y espero, y esto sí que se lo pido al presidente como compromiso, que nosotros, nuestra parte, Valentín, si se va a cumplir este compromiso, nosotros ya el proyecto de la senda de Loureda ya lo tenemos redactado, lo vamos a financiar nosotros y vamos, el proyecto de la DP, la 512, desde Rozas a Travesía, también lo tenemos redactado, también lo vamos a financiar nosotros y ya nos vamos a poner inmediatamente a redactar el tema de Uxes en Rosiñas.

Espero, espero que la aprobación de esta moción no conlleve a que aún encima nos pongamos a redactar proyectos y a invertir nosotros en sus carreteras y ustedes no cumplan estos compromisos. Porque, lo vuelvo a decir, el proyecto de Suevos ya está, el proyecto de Suevos ya está. Y el proyecto de Barrañán ya lo tenemos nosotros a disposición de ustedes para, mediante la transferencia, que nos faciliten lo que es la financiación, pagando el proyecto y pagando nosotros las expropiaciones. Y, a partir de ahí, yo con estos compromisos tampoco voy a... Oye, continúa.

Sí que les pediría, sí que les pediría, pero no a lo mejor en este caso porque sea una cuestión únicamente mía, sí que les pediría, y lo digo en buen tono, no quiero meterme con nadie, sobre todo porque Bernardo, cuando –lo que voy a decir es bueno, no es malo–, pero, claro, no, Bernardo cuando reiteradamente utiliza el tema de los criterios objetivos del POS, del reparto de los dineros para todos los concellos, que todos estamos de acuerdo, claro, aquí es necesario la aprobación de un plan estratégico de sendas. Es necesario. No, espera. El Plan estratégico de sendas hubo una aprobación inicial en abril y esa aprobación inicial en abril después se presentaron las alegaciones, están sin responder. Y os recuerdo a todos que los dos habilitados nacionales que están al lado de Valentín, cada proyecto de senda hacen un informe desfavorable, porque dicen que no hay unos criterios objetivos a la hora de repartir cuál es el criterio de adjudicación de sendas. Yo creo que sí que se debería trabajar inmediatamente para que hubiera un plan estratégico de sendas y que hubiera realmente unos criterios objetivos. Esto no lo digo yo, no es una apreciación política ni es una cuestión de intervenir políticamente, es una cuestión que queda reflejada siempre en los informes tanto de la Secretaria como del Interventor. Y, por mi parte, agradecerle el voto a favor.

Sr. García Seoane

Imos ver, estase falando de sendas, estase falando de estradas; o meu criterio xa se sabe cal é desde sempre en relación coas melloras das estradas provinciais e das



infraestructuras, pero a min gustaríame recordar aquí, neste caso a Carlos e á Deputación, porque ninguén me sabe contestar. Hai unha estrada que vai de Nostián a Suevos que está cortada desde hai un ano, cunhas fochancas que parece que bombardearon os israelís Gaza, unha cousa similar, 400 metros de estrada levantada... É da Deputación (...) é unha estrada que está cortada, que está chea de perigos, pero o máis grave é que está chea de vertidos; case todos os vertidos de Arteixo están saíndo cara os cantís de Suevos, e rogaría que se tomaran medidas nese aspecto, porque non pode haber unha situación como esa cando se está falando destas outras cousas, que están acertadas pero iso non se pode manter na situación en que está máis tempo. Por tanto, recordarlle a quen sexa o responsable que tome as medidas correspondentes.

Sr. Calvelo Martínez

En este caso –debe de ser de las pocas veces– aquí la Diputación no tiene la culpa. Es que no tiene nada que ver con la Diputación. Es una carretera, está en la carretera de Suevos, que es la DP-503, que llega a una rotonda y ahí ya hay una carretera municipal, que es a la que se refiere Gelo. Lo que pasa es que siempre hubo dudas de clarificar de quién era la titularidad de esa carretera, y hay algunos mapas en los que está marcada como DP-503, está mal marcada, no es. Eso nunca fue una carretera a la Diputación. Incluso, a veces, con dificultad para saber exactamente si era carretera de titularidad de La Coruña, que es la que bordea, la que va hacia lo que es la planta de tratamiento de Nostián. Esta es una carretera, una estrada, que se vino abajo completamente. Tuvimos la suerte de que no hubiera ninguna desgracia a mayores, que hay una situación donde hay un arenero que produce vertidos constantes, en este caso, que son de los que está ahora hablando Gelo, que ya se va a actuar de manera coordinada con distintas administraciones, Aguas de Galicia, EDAR de Bens, Concello da Coruña, Xestur, para solucionar ese tema, y que, en estos momentos, el Concello de Arteixo está invirtiendo 1.400.000 euros en restablecer esa estrada, pero no tiene nada que ver con vosotros.

Sr. Presidente

Pois nada, simplemente respecto desta moción xa hai uns cantos anos tivemos unha conversa co Concello de Arteixo para falar precisamente desta formulación, tendo en conta que a prioridade da Deputación, desde o minuto un, desta Corporación é non aceptar a transferencia da titularidade de ningunha vía que non sexa provincial, no eido autonómico podería falarse, pero aínda estamos a esperar, e no eido municipal. Nunca admitimos a transferencia na titularidade, porque temos, entendemos, xa un corpo de vías o suficientemente xa oneroso e difícil de soste, moi anticuado, como di Gelo sempre, que require investimentos inxentes e, por tanto, parécenos perigoso, desde o punto de vista da sostibilidade financeira da Deputación, asumir novas estradas. Nunca o fixemos, nin unha soa vez, nunca fixemos ningunha excepción, a pesar das decenas de peticións que distintos concellos de todas as cores nos levan feito.

Eu recordo, unha das primeiras reunións foi con Arteixo, onde nos presentaba unha proposta que para nós era digamos que prioritaria, que era ceder, solicitaba a cesión de titularidade de vías sen ningún tipo de investimento a cambio. Polo tanto, o que lle pedimos naquel caso ao Concello de Arteixo era que nos parecía unha moi boa idea que encaixaba coa liña da Deputación, pero que entendiamos que a nosa forma de actuar aquí entre as distintas peticións que había, que había moitas máis peticións de xente que pedía investimentos sen cesión de titularidade ou cesión de titularidade con investimentos, que aqueles que pedían simplemente a cesión de titularidade, como era o caso de Arteixo ou de Oleiros, que o recordaron nalgún caso.



Polo tanto, o que lles pedimos foi que nos deixaran un tempo para establecer un criterio lóxico que puideramos argumentar ante calquera petionario. E así foi. Temos unha redacción, un borrador, do Plan xeral de estradas, onde temos un paquete feito, distintos paquetes de transferencias, dándolles prioridade, evidentemente, a aqueles que piden a transferencia sen ningún investimento a cambio. Neste caso, é un mix e, polo tanto, non podemos votar en contra dunha proposta que encaixa claramente coa mentalidade ou non a mentalidade, senón coa proposta do Plan xeral de estradas que esta Deputación ten en tramitación. Polo tanto, simplemente agradecer a proposta, neste caso a Arteixo, e esperar que, na medida das posibilidades dos concellos, porque evidentemente non todos teñen as mesmas posibilidades económicas, pero si teñen que ter a intención de ter as súas vías na mellor das situacións, e intentaremos ir digamos que facilitando esa transferencia de titularidades, canto menos investimento mellor, evidentemente, pero entendemos que non sempre é doado, pero iremos continuando esta liña que se inicia hoxe aquí con Arteixo, que esperemos que nestes dous anos e medio se multiplique considerablemente con outros concellos.

Hai que votar.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Popular sobre a colaboración entre a Deputación e o Concello de Arteixo en estradas e sendas provinciais

Nos últimos anos, o Concello de Arteixo realizou numerosas obras na vías provinciais, a maioría encamiñadas a mellorar a seguridade viaria. O Concello de Arteixo investiu, dos seus recursos propios e dos recursos dos seus veciños, 3.641.092 € nas estradas de titularidade da Deputación (que son competencia da Deputación) actuacións: na DP-0501, DP-0506, DP-0507, DP-0510, DP-0511, DP-0513 e a DP-0514.

O concello de Arteixo solicitou á Deputación (pleno do 28/04/2016) a cesión das estradas provinciais DP-0501, DP-0502, DP-0503, DP-0505, DP-0506, DP-0507, DP-0508 e tramos da DP-0512 e da DP-0514, sempre que previamente a Deputación realice as obras necesarias para que estas estradas cumpran coa seguridade e cun adecuado estado de mantemento.

O concello de Arteixo propón de modo coordinado coa Deputación a execución de sendas e as melloras de seguridade viaria das estradas provinciais en territorio arteixán. A proposta basease na necesidade de mellorar a seguridade nas estradas de titularidade da Deputación da Coruña; moitas de elas con plataformas viarias inferiores aos seis metros (o mínimo que se considera necesario para a circulación de vehículos en ámbolos dous sentidos); e moitas por carecer de sendas ou itinerarios peonís seguros (o que supón un risco para a circulación peonil e viaria).

Motivados polo exposto, trasládase esta proposta para actuar de xeito coordinado entre a Deputación da Coruña e o concello de Arteixo na realización das melloras de seguridade viaria e das actuacións de sendas nas distintas estradas de competencia da Deputación da Coruña en Arteixo.



Solicitando con cargo á Deputación da Coruña a execución da :

*Senda peonil Suevos DP-0503 con cargo do Plan de sendas 2025 da Deputación (coñecedores de que a Deputación está tramitando o proxecto "Mellora da seguridade vial na DP-0503. PQ 1+000 a 2+100)".

Solicitando con cargo á Deputación da Coruña, a través do Plan de Estradas de transferir aos concellos, proxectos de iniciativas conxuntas :

*Senda peonil Barrañán DP-0506, 2ª fase unión coa DP-0514.

Esta senda para axilizar a súa execución, e dentro do Plan Estratéxico de Estradas da Deputación no punto 6.2.2 Proxectos de iniciativa conxunta, o concello comprometése en asumir o proxecto e executar a senda contando coa financiación da Deputación da Coruña.

A día de hoxe, o concello de Arteixo xa dispón do proxecto Senda peonil Barrañán DP-0506, 2ª fase unión con DP-0514. Así mesmo, o concello está disposto en asumir o custo da adquisición dos terreos necesarios para súa execución.

Solicítase o financiamento por parte da Deputación da Coruña para executar o proxecto Senda peonil Barrañán DP-0506, 2ª fase unión con DP-0514.

Solicitando con cargo do concello de Arteixo:

*DP-0512 - Uxes ao Polígono de Morás.

A Deputación non executou melloras reseñables nesta estrada (agás un cambio na capa de rodadura); atopándose nun estado de inseguridade para os veciños de Arteixo e co grave risco a maiores da ausencia dunha senda no lugar de Uxes-Roxiñas.

*DP-0512 - travesía de Arteixo avenida de Finisterre.

A Deputación non executou neste tramo ningunha mellora; esta estrada amosa unha grande inseguridade: con cruzamentos moi perigosos (como son o da travesía de Arteixo e a travesía da Groufa ou coa avd. de Finisterre); a falla de pasos de peóns e a ausencia de beirarrúas (moi inseguro para os rapaces que collen aquí o bus escolar) etc. Todas estas actuacións son altamente demandadas polos vecinos e veciñas de Arteixo polo gran risco de inseguridade.

*DP-0511 - proxecto de Mellora da seguridade viaria da estrada DP-0511 , Ervedíns-Loureda

Nos últimos anos , o concello de Arteixo realizou inversións na estrada DP-0511 (Loureda) de titularidade da Deputación da Coruña cun custo de 790.354 €, a Deputación non executou ningunha mellora neste vial, atopándose esta estrada nun estado de inseguridade para os veciños.

Así mesmo, o concello de Arteixo amósase disposto a que a Deputación da Coruña transfira ao concello a titularidade das seguintes estradas provinciais:

- * DP-0501 - Acceso ao Santuario de Pastoriza.
- * DP-0502 Avd. de Pastoriza.



- * DP-0506- Barrañán.
- * DP-0512 Trav. de Arteixo -Avd. Finisterre.
- * DP-0514 - ZBE itinerarios escolares seguros.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de A Coruña solicita ao Pleno da Deputación a adopción das seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

1. Solicitar á Deputación da Coruña un plan coordinado das actuacións entre o concello de Arteixo e a Deputación da Coruña para a realización de sendas peonís e melloras na seguridade viaria das estradas de titularidade da Deputación.
2. Solicitar á Deputación da Coruña a execución na DP-0503 Proxecto " Mellora da seguridade vial na DP-0503. Suevos PQ 1+000 a 2+100 con cargo da Deputación da Coruña.
3. Solicitar á Deputación da Coruña a Senda peonil Barrañán DP-0506 , 2ª fase unión con DP-0514, dentro do Plan Estratégico de Estradas da Deputación no punto 6.2.2 Proxectos de iniciativa conxunta, transferencias con concellos, comprometéndose o concello a asumir o proxecto, a obtención dos terreos necesarios (a cargo do concello) e executar a senda co financiamento da Deputación da Coruña.
4. Executar con cargo ao concello de Arteixo a Senda Peonil DP-0512 Uxes ao Polígono de Morás.
5. Executar con cargo ao concello de Arteixo as beirarrúas da DP-0512 entre a travesía de Arteixo e avenida de Finisterre.
6. Executar con cargo ao concello de Arteixo o proxecto da Mellora na seguridade viaria e acondicionamento da estrada DP-0511 , Ervedís Loureda."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Pasamos a rogos e preguntas.

Sr. Caamaño López

Señor presidente, deputados e deputadas, bos días.

Traio unha cuestión que afecta ao meu concello. No último Pleno celebrado no Concello de Mazaricos, por unanimidade de toda a Corporación municipal, formada polo BNG, Espazo Común e Partido Popular, pedíronme a responsabilidade de formularlles unha pregunta e un rogo ao Pleno desta Deputación. Trátase do seguinte: Hai un tempo, a Deputación levou a cabo unhas obras de mellora na CP-3404, ao seu paso por Mazaricos, unhas obras que incluíron a construción dunha senda peonil entre os núcleos de Insua e a Picota. Trátase dunha obra que quedou sen rematar no punto denominado Ponte Insua, punto quilométrico 15400, no que se debería construír unha pasarela por enriba do río. Non obstante, a día de hoxe, tal pasarela segue sen facerse por motivos que descoñecemos. Polo tanto, queremos preguntar cal era a razón pola que este proxecto segue sen rematarse, segundo o que estaba previsto.



En segundo lugar, dado que, ademais, recentemente se colocou unha defensa metálica quitamedos que impide o paso dos peóns pola ponte, que teñen que saír á estrada, pois supón un aumento considerable da perigosidade, pois rogaríamos que se fixeran os trámites necesarios para finalizar a obra prevista con esa colocación da pasarela, dado que estamos xa ante un problema serio de seguridade tanto para os peóns que cada día camiñan por esa senda como para o tráfico rodado. Grazas.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Si, ben, perdón, para darlle resposta a esa pregunta, comunicarlle ou informarlle que desde o propio Concello nos trasladaron esa preocupación e irei acompañada o próximo mércores ao concello visitar este punto e outros, pero informar que isto non se puido executar, parece ser que no proxecto, tiven que consultar isto que é algo que vén xa de hai un tempo, e parece ser que esa pasarela estaba deseñada para colocar un piar e parece ser que Augas de Galicia non permitiu colocar ese piar e a estrutura desa pasarela non era posible facela coa ancoraxe á propia placa da ponte. Polo tanto, están os servizos técnicos en estudo de poder facer esa pasarela doutra maneira e espero que poidamos resolver e aclarar de futuro, pero estamos informados e traballando neste punto. É certo que se colocou esa bionda tamén dado o perigo que había nunha curva aí de dereitas, entón por precaución na circulación colocouse esa bionda, pero tamén se tratará de restabelecer esa pasarela segundo o acordo dos técnicos e tamén que Augas de Galicia nos permita poder facelo con esa autorización pertinente. Moitas grazas.

Sr. Caamaño López

Unicamente, señora deputada, sería posible poder ver o informe de Augas de Galicia, por solicitude?

Sra. Rodríguez Ordóñez

Falarei cos técnicos da casa e da zona neste caso e logo procedo a informalos, se lle parece. Grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Son dos ruegos. Uno yo creo que es sobradamente conocido y entiendo que por el señor Regueira, que es respecto a la DP-1914, en Entrecruces. Somos, las fotografías que salieron en la prensa con respecto a la tremenda inundación que puso en riesgo la seguridad de las personas que viven en aquel entorno. Es un problema recurrente en las inundaciones en esta zona cuando... Entonces urgimos a que se tomen las actuaciones. También preguntar si se ha tomado alguna al respecto de esto. Y, como cuestión de hacer de forma inmediata, yo creo que lo primero sería que en octubre se renovó la capa de rodadura y se taparon las pluviales, y no se ha abierto el asfalto para que las pluviales vuelvan a recoger el agua. Eso sigue sin arreglarse a día de hoy. Es verdad que ante este problema que hubo hace una temporadilla no hubiera sido suficiente eso para resolver esta cuestión, pero es una cuestión mínima que yo creo que es importante hacerla y nos gustaría que lo antes posible se haga esto y que también se acometan los trabajos de limpieza y canalización para que no se pueda producir una situación como esta.

Y luego, otro ruego, en Rianxo, en este caso, en la DP-3301, que une Isorna y Leiro. En la zona de Leiro hay unas dificultades en, yo creo que se vino abajo la recogida de pluviales. Y la solución que se ha dado en esta vía es la siguiente, lleva meses así, es



ocupar parte de la vía con unas vallas de obra. Entonces lo que queremos es que se actúe lo antes posible –luego se lo paso a la señora diputada– para que este tema pueda generar o acabar con el problema de inseguridad que hay en la zona. Y en la zona de Isorna pues también están sin desbrozar los márgenes y sin limpiar la recogida de pluviales, lo cual provoca charcas de agua y que, bueno... Y, por cierto, hablando de esto, creo que sería bueno que nos digan también, sumo una pregunta a esto, si el plan de desbroces por fin ha sido adjudicado, porque desde julio sabemos que estaba, y creo que es importante, el estado de las vías y de desbroces en las vías de la provincia no es el más adecuado. Entonces, espero si me van a decir algo de estos ruegos, perfecto, y luego hago la pregunta que tenemos registrada. Gracias.

Sr. Regueira Varela

Ben, eu simplemente do tema da estrada de Entrecruces, evidentemente o episodio preocupounos moitísimo a todo o mundo, somos conscientes de que o acaba de dicir é certo. Eu tamén quería xa agradecerlle publicamente á deputada a súa preocupación desde o minuto cero, que se foron transmitindo os problemas que estaban xerándose na vía, e cónstame tamén que asistiu en persoa a falar cos veciños que estaban alí para tomar tamén, no futuro, as medidas oportunas para solucionar o problema.

Sr. Presidente

Plan de desbroza.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Ben, a colación do que acabo de contestarlle ao señor Regueira, que ben, así foi e loxicamente nos preocupa, pero tamén matices que o leito que pasa por aí foi o que causou realmente o problema de que eses restrollos e ramas pois foron os que obstaculizaron e foi difícil a súa limpeza. Tamén quero agradecer á empresa que desde o minuto cero estivo alí preocupada para poder facer esa limpeza nese punto, que ben, creo que tamén é necesario pensar na limpeza deses regatos e ríos que temos en moitos puntos do noso territorio, non?

Sobre a desbroza, está a puntinho de adxudicarse. Estamos pendentes de que os técnicos fagan o informe e espero que nos próximos días estea. De todas as maneiras, dicirle que non teño constancia por parte de ningún técnico de ningunha das zonas da provincia de que nestes momentos, por risco de circulación ou demais, sexa necesaria algunha actuación, porque si que se podería facer. Entón, tamén, dicirle, se hai algunha, tamén estou á disposición de que mo traslade para poder facelo. Pero espero que nas próximas semanas estea ese trámite, ese expediente, adxudicado para seguir, loxicamente, con estes labores tan importantes nas vías provinciais. Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Y yo la pregunta que tenemos registrada es la siguiente. Se durante os anos 23 e 24, algún deputado provincial, incluído o deputado presidente, fixo uso das instalacións interiores do Pazo de Mariñán, ben sexa servizo de cafetería ou de comedor, ou de espazos de reunión ou de aloxamento, á marxe dos actos ou actividades promovidas ou participadas formalmente pola Deputación e os deputados provinciais, na súa condición de tales ou no exercicio do seu cargo e á marxe de actos ou actividades promovidas ou participadas formalmente pola Deputación, se poden facer uso sen rexistro formal dunha solicitude previa de espazos e servizos interiores como de cafetería ou de salas de



reunión.

Esta é a pregunta que temos trasladado e rexistrada por escrito. Grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, só unha cuestión previa sobre a apelación que fixo antes á que lles pedía desculpas pola expresión que utilicei e busquei, porque mentres falaba o señor Calvelo tiven tempo, vou ler unha cousa que di: "30 alcaldes y ediles protestan ante la Diputación por robar a sus ayuntamientos. Alcaldes del PP en la provincia de A Coruña han secundado una concentración ante la Diputación, a cuyo Gobierno, conformado por el PSOE y el BNG, acusan de robar 30,5 millones de euros a los ayuntamientos a través de las partidas previstas en el Plan único".

E a verdade é que non me lembraba, pero mirando a fotografía, porque, claro, non era alcalde, pero aquí está vostede e hai outras catro persoas que sentan aquí que tamén estaban, e non lles vou pedir que se desculpen porque nós non temos a pel tan fina, non nos parece mal, é unha forma de expresarse, dicían que lles roubamos. É verdade que, afortunadamente, o tempo demostrou que iso non era así e que reciben máis cartos dos que recibían cando gobernaban vostedes. Pero simplemente quería aclarar porque, ben, para poñer de manifesto, primeiro, que non tomamos as cousas tan á tremenda como outros, e que os primeiros en utilizar a terminoloxía de roubar aos concellos non é deste voceiro que acaba de falar, senón que tiraba un pouco da expresión utilizada por vostedes mesmos, secundada por vostede e outros compañeiros diante da porta desta institución.

Sobre a cuestión que acabamos de comentar, paso a dar lectura do informe, da resposta preparada polo departamento de Protocolo: "Desde a sección de Protocolo, unidade administrativa xestora dos expedientes administrativos do Pazo de Mariñán, comunícase que nin o presidente desta institución nin ningún deputado provincial de ningún grupo político fixo uso das instalacións do Pazo de Mariñán, concretamente o servizo de cafetería ou de comedor, ou dos espazos de reunión ou de aloxamento, á marxe do correspondente expediente administrativo tramitado sempre en tempo e forma segundo o establecido no procedemento 178. Toda actividade realizada no Pazo de Mariñán está apoiada polo devandito expediente, a correspondente resolución da Presidencia e o artigo 1 da Ordenanza fiscal número 14, reguladora do prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán: "Poderán ser usuarios do Pazo de Mariñán as entidades ou persoas cuxas actividades que se han desenvolver no centro, así como a actividade promovida por esta Administración". A que subscribe indica que o presidente desta institución dispón dun despacho oficial nas instalacións do Pazo de Mariñán, non sendo necesaria a tramitación de ningún expediente para levar a cabo o seu labor habitual como presidente de institucións devanditas e instalacións, igual que sucede no Pazo provincial. Póñense ao dispor da Corporación provincial as resolucións de presidencia correspondentes a todos os expedientes de referencia tramitados ao amparo do procedemento 178 durante os anos 23 e 24".

Sr. Ben Otero

Solamente un matiz, presidente. La cuestión de lo que dijo usted antes, la gravedad del asunto, es que nos roban a los ayuntamientos para dedicar esos fondos a los ayuntamientos suyos, de forma tal. Eso es una acusación muy grave, señor Fernández, muy grave.

Yo creo que una persona en política puede acertar o puede equivocarse, eso es



indudable que es así, como en la vida, pero decir que uno sustrae los recursos públicos que están a disposición de todos los gallegos para dedicarlos de forma subjetiva y de manera completamente delictiva, según ha dicho usted, porque el término robar así lo indica, a otros ayuntamientos es una cuestión grave. Yo simplemente le pedí por eso que, aparte del tono, pero, bueno, el tono, puede llegar un momento que se puede acalorar uno en una discusión, non le veo mayor problema, pero la acusación es grave. Entonces, yo creo que, si nos ceñimos a ciertos términos y eludimos o evitamos otros, será mucho mejor para todos, porque, como bien dijo el presidente, esta es una casa de consensos, es una casa que cabe recordar que aquí no hay elección directa, que, al final, lo que pase o que estamos aquí representados por el trabajo de nuestros alcaldes y nuestros portavoces en el conjunto de la provincia, a ellos les debemos estar aquí, a los vecinos que nos votan, y aquí debemos, por lo menos por nuestra parte siempre será así, tender la mano para llegar a acuerdos por el bien de los vecinos. Pero, repito, creo que nadie en la actuación política, en ninguna Administración en Galicia, entiendo yo, que roba los recursos de forma intencionada para beneficiar a sus amiguetes, como usted ha venido a dejar caer. Gracias.

Sr. Presidente

Ben, rematamos o pleno. Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:41 horas.